

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 31 de xullo de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Jaime Aneiros Pereira.

Invitados:

D^a. Eugenia Dolores Blanco Iglesias
D. José Manuel Fernández Pérez
D^a.M^a Jesús Lago Rey
D^a.Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos do día trinta e un de xullo de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(877).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 17 de xullo de 2015. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(878).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMIENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DO CAMIÑO DA LAGOA EN TEIS. EXPTE. 3175/440.

Dáse conta da proposta asinada pola xefa do Servizo de Contratación, con data 24.07.15, que di o seguinte:

Clasificación do procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de "ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DO CAMIÑO DA LAGOA EN TEIS" (expediente 3175-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 14-07-2015, 21-07-2015, 22-07-2015 e 24-07-2015, por unanimidade dos asistentes, e do informe do xefe da área de Fomento, de data 21 de xullo, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta de que a Mesa, na sesión de data 14 de xullo de 2015, acordou a non admisión neste procedemento de REFORVIGO, S.L., neste procedemento por presentar a oferta nun único sobre, incumprindo o previsto na cláusula 11 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de "ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DO CAMIÑO DA LAGOA EN TEIS" (expediente 3175-440)” no seguinte orde decrecente:

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	COPCISA SA	100,00
2	ACEVI, SL.	96,55
3	CONSTRUCCIONES CLC, SL	93,31
4	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO SL	92,90
5	ORESA, SL	92,51
6	ESXCAVACIONES CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO	92,38
7	CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS SL	88,59
8	SERGONSA SERVICIOS SL.	87,65
9	ESCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR SL	86,10
10	CANALIZACIONES DE TELECOMUNICACIONES Y SANEAMIENTOS, SL	85,25
11	CONSTRUCCIONES VILA MIÑO SA	83,05
13	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL.	80,73
16	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, SL.	61,93
17	CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAS, SA	61,37
18	HORDESCON SL	60,95
19	STRADIA INFRAESTRUCTURAS SL	56,08
20	PROYECON GALICIA, S.A.	25,23

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COPCISA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*

- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 300.000 euros.*
- *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

3(879).- ADXUDICACIÓN DOS LOTES 6 E 7 DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL. EXPTE. 71366/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23/07/15, dáse conta do informe-proposta do 17/07/15, da xefa do servizo e secretaria da Mesa de Contratación que di o seguinte:

“A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 17 de xullo de 2015, as 09.30 horas realizou entre outras, as seguintes actuacións:

5.-Adxudicación

b) Lotes 6 e 7 do procedemento aberto para a contratación da subministración de vestuario para o persoal municipal (expediente 71366-250)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto da subministración de vestuario para o persoal municipal (PCAP).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 19 de xuño de 2015, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación da subministración

de vestuario para o persoal municipal. (expediente 71366-250)." no seguinte orde decrecente para cada un dos lotes:

Prezo de licitación		103.360,00 €	Lote nº 6 PRENDAS ABRIGO POLICIA LOCAL	
Empresas				Puntuación
1	COMPLEMENTOS POLICIALES SL			83,00
2	EL CORTE INGLES SA			68,10
3	SAGRES SL			60,52
Prezo de licitación		58.520,00 €	Lote nº 7 PRENDAS VESTIR POLICIA LOCAL	
1	COMPLEMENTOS POLICIALES SL			83,00
2	EL CORTE INGLES SA			78,20
3	SAGRES SL			16,25
Prezo de licitación		41.490,00 €	Lote nº 8 PRENDAS BOMBEIROS	
1	PEYCAR			86,00
2	EL CORTE INGLES SA			63,82

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, Complementos Policiais, S.L. (lote 6 e 7) e PEYCAR, S.L. (lote 8), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir aos citados licitadores Complementos Policiais, S.L. (lote 6 e 7) e PEYCAR, S.L. (lote 8), o aboamento de 1333,34 e 666,67 euros respectivamente en concepto de custe dos anuncios de licitación".

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar para os lotes 6 e 7 o día 19 de xuño de 2015, que presenta a documentación requirida en data 1 de xullo de 2015, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 17 de xuño de 2015, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante, con respecto ós lotes 6 e 7 deste procedemento, é a formulada por COMPLEMENTOS POLICIAIS, S.L., á vista do informes do xefe da área de Fomento e das técnicas de Prevención de Riscos Laborais, de datas 31-03-2015, 06-04-2015 e 29-05-2015. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á COMPLEMENTOS POLICIAIS, S.L, os lotes 6 e 7 do procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal municipal, (expediente 71366-250), por un prezo, IVE engadido, de:

- lote 6: 72.648,40 euros*
- lote 7, 44.600,60 euros*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(880).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECÁNICAS DOS TÚNELES, PASOS INFERIORES E GALERÍAS DE SERVIZOS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 15341/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.07.15, dáse conta do informe proposta, de data 24.07.15, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

5.- Adxudicación

a) *Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneles, pasos inferiores e galerías de servizos da cidade de Vigo (expediente 15341-444)*

b)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneles, pasos inferiores e galerías de servizos da cidade de Vigo (PCAP).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 19 de xuño de 2015, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneles, pasos inferiores e galerías de servizos da cidade de Vigo (expediente 15341-444)” no seguinte orde decrecente:

<i>Criterios de adxudicación</i>			
<i>EMPRESAS</i>	<i>Puntuación criterios valorados mediante xuízo de valor</i>	<i>Puntuación criterios valorados mediante fórmula</i>	<i>Total puntuación</i>
<i>ESTACIONAMENTOS E SERVICIOS</i>	<i>14,25 puntos</i>	<i>74,51 puntos</i>	<i>88,76 puntos</i>
<i>SICE</i>	<i>6,50 puntos</i>	<i>80,00 puntos</i>	<i>86,50 puntos</i>

IMESAPI	16,50 puntos	69,85 puntos	86,35 puntos
ESYCSA	4,00 puntos	67,44 puntos	71,44 puntos
MONCOBRA, S.A.	10,65 puntos	32,16 puntos	42,81 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificados en primeiro lugar Estacionamientos y Servicios, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao licitador (Estacionamientos y Servicios, S.A.,U o aboamento de 1479,89 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 19 de xuño de 2015, que presenta a documentación requirida en data 26 de xuño de 2015, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 14 de xuño de 2015, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCS).

A oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por Estacionamientos y Servicios, S.A, á vista dos informes do xefe do servizo de Electromecánicos

e xefe do servizo de Limpeza de 03-06-2015 rectificado por uno del 05-06-2015 e 11-06-2015. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á Estacionamientos y Servicios, S.A, o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneles, pasos inferiores e galerías de servizos da cidade de Vigo (expediente 15341-444), por un prezo de 489.591,95 €, IVE engadido, e coas seguintes prestacións adicionais:

- Se compromete a reducir o prazo de execución das inversións obrigatorias a 45 días.
- O licitador deberá executar os investimentos obrigatorios que aparecen no PCAP nun prazo máximo de 45 días conforme a súa oferta que consistirá en:
- Substitución de transformador actual de aceite por un seco de 630 kVA no túnel de Beiramar.
- Substitución de 2 ventiladores aceleradores de 30 kV to túnel de Beiramar.
- E asimesmo ten que executar as melloras por el propostas que según o PCAP estarán concluídas no prazo de 6 meses dende o inicio do contrato, que é a substitución de proxectores existentes por outros equipados con tecnoloxía LED coa mesma eficiencia e menor consumo enerxético no túnel de Travesía de Vigo.
- Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(881).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACRC, DE DATA 17.07.15, RECAÍDA NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO DE DISPOSITIVOS DE IMPRESIÓN. EXPTE. 7075/113.

Dáse conta da referida resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, que di o seguinte:

“Recurso nº 653/2015 C.A. Galicia 81/2015
Resolución nº 667/2015

RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO CENTRAL DE RECURSOS CONTRACTUALES

En Madrid, a 17 de xullo de 2015

VISTO o recurso interposto por D. antonio Carballo Fernández en representación de SPETEL GALICIA, S.L. Contra o acordo de desestimento do procedemento aberto para a contratación de

subministro en réxime de arrendamento de dispositivos de impresión (expte. 7075/113) dictado polo Concello de Vigo, o Tribunal, en sesión do día da data, adoptou a seguinte resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- En data 21 de novembro de 2014, a Xunta de Goberno Local acordou aproba-lo expediente incoado para a contratación do subministro en réxime de arrendamento de dispositivos de impresión por procedemento aberto e tramitación ordinaria, aproba-los pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescriciones técnicas que haberían de rexe-lo mesmo, autoriza-lo gasto de dito contrato e abri-lo procedemento de licitación para a selección do contratista. En data 27 de novembro de 2014 se anuncia a licitación no perfil do contratante do Concello de Vigo, que é obxecto de publicación nos seguintes diarios oficiais:

- No Diario Oficial da Unión Europea, en data 2 de decembro de 2014, abríndose o prazo de presentación de ofertas que finalizaría o día 9 de xaneiro de 2015.
- No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, en data 10 de decembro de 2014.
- No Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia, en data 12 de decembro de 2014.

Segundo.- En data 13 de xaneiro de 2015, a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, procede á apertura e calificación da documentación persoal, concedéndose un prazo de subsanación de tres días ás mercantís SPETEL GALICIA, S.L. (en adiante SPETEL) e CARLINGAL, S.L. E admitíndose no procedemento ó resto dos licitadores presentados. Durante o prazo de subsanación SPETEL acrdita os extremos que lle foron requeridos e é admitida no procedemento, en sesión da mesa de 20 de xaneiro de 2015.

En data 20 de xaneiro de 2015 se procede á apertura da oferta técnica, valorándose ésta en informe do xefe do servizo de Administración electrónica de data 6 de febreiro de 2015, que é aceptado pola Mesa de Contratación en sesión de 10 de febreiro.

Terceiro.- En data 13 de febreiro de 2015, en acto público, a Mesa de Contratación procedeu á apertura da documentación económica, que se valora en informe do xefe do servizo de Administración electrónica de data 17 de febreiro de 2015. Perante a imposibilidade de unifica-las ofertas con relación ó criterio de adxudicación establecido no apartado 9.B.6, relativo ós prezos das unidades de dispositivos de impresión que se soliciten a maiores durante a vixencia do contrato, a mesa, en data 24 de febreiro de 2015, acordou solicitar aclaración das súas ofertas ós licitadores.

En data 20 de abril de 2015, o xefe-adxunto do servizo de Administración electrónica (servizo xestor do contrato), na súa calidade de responsable do contrato, en escrito de data 20 de abril de 2015, manifesta a conveniencia de propoñer ó órgano de contratación o desestimento do procedemento aberto para a contratación do subministro de dispositivos de impresión en réxime de arrendamento, por cando o modelo de proposición incluído no apartado 7.B.6 da Folla de especificacións do PCAP non está redactado de forma clara, e foi interpretado de maneira diferente polos licitadores admitidos no procedemento, resultando imposible armoniza-las diferentes ofertas de cara a valora-lo criterio de adxudicación recollido no apartado 9.B.5 da FEC "Prezo do equipamento a miores do solicitado".

En data 24 de abril de 2015, a Xunta de Goberno Local acordou declara-lo desestimento do procedemento e iniciar un novo. Este acordo lle foi notificado ós licitadores en data 30 de abril de 2015, posteriormente rectificadora en data 22 de maio e notificada dita rectificación o día 26.

Cuarto. En data 8 de xuño de 2015 pola recorrente se presenta escrito de recurso contra o acordo de desestimento rectificadora sobre a base de dúas liñas de argumentos:

- *Falta de motivación do desestimento, ó sinalar que coa lectura da resolución que declara o desestimento, nin se sabe cómo interpretaron os licitadores dito apartado, nin en consecuencia cal é a diferenza de interpretación entre uns e outros. Non nos atopamos pois perante unha cláusula oscura ou indebidamente redactada, senon perante unha interpretación contra unha cláusula do prego qu é meridianamente clara en canto ó modo de presenta-las ofertas para o aluguer de equipos. En definitiva entende o recorrente que non se concreta a infracción cometida nin tampouco o carácter insubsanable da mesma, sendo estes, dous dos requisitos que a normativa vixente esixe para o desestimento.*
- *Non concorrencia de infracción das normas de preparación do contrato, nin das reguladoras do procedemento. No presente suposto existe un apartado específico que regula a fixación do prezo da oferta dos licitadores, concretamente na "Folla de Características do Contrato", apartado 3F). E no mesmo se sinala que o prezo se fixará en cuotas euros/mes. Consecuentemente, a apreciación de oficio verquida na resolución pola cal se entende que a redacción do apartado 7.B.6 leva lugar a confusión, é a xuízo da recorrente unha actuación contraria a dereito.*

Remitido o expediente administrativo a este Tribunal, se acompaña informe do órgano de contratación, o cal sostén que nos pregos non se contempla a posibilidade de pedir un equipo e usalo durante uns meses ou un período diferente do que resta dende a data na que se solicite ata a data de finalización do contrato. Se pide prezo polos equipos que se poidan entregar nos sucesivos exercicios pero non se fai referencia ó período de tempo que cubre o importe a reseñar na oferta, isto implica que o valor numérico da oferta pode interpretarse por parte de licitador dende importe por mes, importe por ano ou importe total ata a resolución do contrato. Esta indefinición, e dado que a asignación das puntuacións ás diferentes ofertas non teñen como referencia un valor base (como así sucede no criterio 9.B.1 na que sí se fixa un valor numérico base e se realiza o cálculo de asignación de puntos en base a outra fórmula completamente diferente) se non con respecto á oferta máis ventaxosa para a administración, o cal implica que a puntuación a tódalas ofertas varíe en función de diferentes interpretacións que se poidan realizar dos valores numéricos propostos.

Manifesta así mesmo que solicitadas aclaracións ós licitadores cada un deles deron interpretacións diversas, e que o resultado da asignación das puntuacións varía considerablemente, logo da petición de aclaracións ós licitadores, con respecto á interpretación inicial feita, tanto a propia de cada licitador que remitiu as aclaracións como a dos outros licitadores. Dita variación non fai posible a ponderación dunha forma homoxénea das diferentes ofertas sen ter en conta a información subministrada polos licitadores con carácter posterior ó acto de apertura do sobre C.

Quinto. *A Secretaría do Tribunal, por delegación deste, acordou, o 30 de xuño de 2015, conceder a medida provisional de suspensión do procedemento interesada polo recorrente.*

Sexto. *Con data 29 de xuño de 2015, se deu traslado do recurso ós restantes licitadores para que formularan as alegacións que estimaran oportunas, sen que se tiveran presentado.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. *De conformidade co establecido no artigo 41.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro (en adiante, TRLCSP), corresponde ó Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, a resolución do presente recurso especial en materia de contratación.*

A competencia para resolver los recursos interpostos corresponde a este Tribunal, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 41.3 del TRLCSP y en el Convenio suscrito con efecto entre la Administración del Estado y la Comunidad Autónoma de Galicia, publicado en el Boletín Oficial del Estado el día 25 de noviembre de 2013.

Segundo. O recurso foi interposto por persoa lexitimada para iso e debidamente representada.

Terceiro. O recurso se interpon contra o Acordo de data 22 de maio de 2015 da Xunta de Goberno Local de Vigo de desestímulo do procedemento aberto para a contratación de subministro en réxime de arrendamento de dispositivos de impresión, expte. 7075/113.

Procede analizar en primeiro lugar se estamos perante un contrato susceptible de recurso especial en materia de contratación de conformidad con el artículo 40 TRLCSP. Dispón el artículo 40.1 TRLCSP: "Serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación previo a interposición del contencioso-administrativo, los actos relacionados en el apartado 2 de este mismo artículo, cuando se refieren a los siguientes tipos de contratos que pretendan concretarse en las Administraciones Públicas y en las entidades que ostenten la condición de poderes adjudicatarios: a) Contratos de obras, concesión de obras públicas, de subministro, de servizos, de colaboración entre el Sector Público y el Sector Privado y acuerdos marco, suxeitos a regulación armonizada". Así mesmo, resulta admisible el amparo del artículo 40.2 TRLCSP o recurso especial en materia de contratación interposto frente al acuerdo de desestímulo.

Cuarto. Señala el artículo 155 del TRLCSP lo seguinte:

"1. No caso en que el órgano de contratación renuncie a celebrar un contrato para el que tivera efectuado la correspondiente convocatoria, o decida reiniciar el procedimiento para la suya adjudicación, o notificará a los candidatos o licitadores, informando también a la Comisión Europea de esta decisión cuando el contrato fora anunciado en el "Diario Oficial de la Unión Europea". 2. La renuncia a celebración del contrato o el desestímulo del procedimiento só poderán acordarse polo órgano de contratación antes da adjudicación. En ambos casos se compensará a los candidatos o licitadores polos gastos en que tivesen incorrido, na forma prevista en el anuncio o en el prego, o de acuerdo con los principios xerais que reñen a responsabilidade de la Administración. 3. Só poderá renunciarse a celebración del contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas en el expediente. Neste caso, non poderá promoverse unha nova licitación del seu obxecto en tanto subsistan las razóns alegadas para fundamentar la renuncia. 4. O desestímulo del procedimiento deberá estar fundado nunha infracción non subsanable de las normas de preparación del contrato o de las reguladoras del procedimiento de adjudicación, debendo xustificarse en el expediente a concurrencia de la causa. O desestímulo non impedirá la iniciación inmediata dun novo procedimiento de licitación". Pois ben, neste caso resulta que el acuerdo de desestímulo foi adoptado polo órgano de contratación antes da adjudicación.

Se vai analizar por parte del Tribunal se el desestímulo está fundado nunha infracción non subsanable de las normas de preparación del contrato o de las reguladoras del procedimiento de adjudicación.

Quinto. El artículo 155.4º del TRLCSP determina que el desestímulo del procedimiento deberá estar fundado nunha infracción non subsanable de las normas de preparación del contrato o de las reguladoras del procedimiento de adjudicación, debendo xustificarse en el expediente a concurrencia de la causa.

Polo tanto, tendo el Tribunal unha función revisora de los actos recorridos, a presente resolución se limita a examinar se la xustificación na que se ampara el órgano de contratación para acudir al desestímulo é ou non unha infracción non subsanable de las normas de preparación del contrato.

E iso supón examinar se a cláusula 7.B.6 en relación á fórmula coxo I do Prego é ou non é unha cláusula oscura que debe levar inexorablemente á redacción duns novos pregos.

No apartado 9.B.5 do Anexo I do prego de cláusulas administrativas se ponderan dez puntos mediante unha fórmula en relación ó prezo de aluguer de dispositivos de impresión a subministrar por enriba dos recollidos no prego. En dita fórmula o criterio adxudicación das puntuacións se fixa tomando como referencia o valor da oferta máis ventaxosa para o Concello. Se sinala polo órgano de contratación que nos pregos de condicións non se contempla a recollida dos equipos que se soliciten, é dicir non se contempla a posibilidade de pedir un equipo e usalo durante uns meses ou un período diferente do que resta dende a data na que se solicite ata a data de finalización do contrato. E dicir, se pide prezo polos equipos que se poidan entregar nos sucesivos exercicios pero non se fai referencia ó período de tempo que cubre o importe a reseñar na oferta, iso permite ó órgano administrativo soste que a cláusula é insubsanable xa que o valor numérico da oferta pode interpretarse por parte de licitador dende importe por mes, importe por ano ou importe total ata a resolución do contrato. Esta indefinición, e dado que a asignación das puntuacións ás diferentes ofertas non teñen como referencia un valor base (como así sucede no criterio 9.B.1 na que sí se fixa un valor numérico base e se realiza o cálculo de asignación de puntos en base a outra fórmula completamente diferente) se non con respecto á oferta máis ventaxosa para a administración, o cal implica que a puntuación a tódalas ofertas varíe en función de diferentes interpretacións que se podan realizar dos valores numéricos propostos.

Perante a indefinición do prego e as propostas, se pediu aclaración ás empresas ofertantes e os resultados das mesmas puxeron de manifesto as distintas interpretacións que os licitadores fixeron da cláusula de puntuación. A raíz desta información constan no expediente diversas baremacións en función das distintas posibilidades abertas, se ben o resultado da asignación das puntuacións varía considerablemente, tra-la petición de aclaracións ós licitadores, con respecto á interpretación inicial feita, tanto a propia de cada licitador que remitiu as aclaracións como a dos outros licitadores. Defende o órgano administrativo que dita variación non faría posible a ponderación dunha forma homoxénea das diferentes ofertas sen ter en conta a información subministrada polos licitadores con carácter posterior ó acto de apertura do sobre C.

A fórmula que obra nos pregos é a que segue:

$$\sum (p_i * (VPM_{ij} / VP_{ij})) / 500$$

VP_{ij}= Prezo de equipos P_i (i=1,6) ofertados no ano j de contrato

VPM_{ij}= Prezo da mellor oferta para equipos tipo P_i (i=1,6) no ano j de contrato (j=1,5)

p_i= peso de ponderación do tipo de equipo P_i :p₁=5 p₂=10 p₃=20 p₄=30 p₅=30

p₆=51

Da fórmula se desprende con claridade que é imprescindible determinar cal é o prezo da mellor oferta pois a súa consideración condiciona a puntuación final das restantes.

Neste sentido, máis alá de cálculos e combinacións, resulta evidente que só admiten comparación as ofertas en canto as mesmas poideran formularse en termos homoxéneos, circunstancia que evidentemente non concorre, pois as interpretacións que deron os ofertantes á cláusula son diversas. Agora ben, exposto o anterior a cuestión debe reconducirse a se esas diferencias de criterio existentes entre as ofertas presentadas obedecen a un vicio insubsanable do prego, ou ben responden a unha interpretación dos licitadores.

Neste sentido o apartado 3.F do anexo I dos pregos, baixo a rúbrica prezos unitarios fala claramente de que a cuota para o aluguer dos dispositivos de impresión será de 6100 euros por mes.

A cláusula 9.B.1 se refire así mesmo ó aluguer de dispositivos de impresión, se ben respecto de aqueles que se soliciten de forma suplementaria. Certo é que non existe nos pregos unha referencia expresa a este extremo. Sen embargo a falta de dita referencia expresa parece evidente que a vontade manifestada nos pregos é que o cálculo se realice por meses de uso, e non en función doutro criterio temporal cando se trata de aluguer de dispositivos de impresión, pois de terse considerado que os equipos suplementarios que foran a solicitarse tiveran un horizonte temporal distinto debera telo dito de forma expresa.

E pois conclusión deste Tribunal que a fixación mensual do prezo é un criterio de interpretación razoable que impide considerar que concorra un defecto insubsanable nos pregos ou o procedemento, xa que nada permitía entender que os dispositivos de impresión que solicitaten a maiores debían computarse en canto ó prezo dunha maneira distinta que non fora por meses, xa que iso habería esixido unha manifestación expresa. Polo tanto parece evidente que en toda oferta de dispositivos de impresión debía computarse por meses. En calquera caso, a prudente decisión de solicitar unha aclaración permite homoxeneiza-las ofertas, en tando das aclaracións presentadas se desprende que tanto XEROX como DIN consideraron os seus valores mensualmente, e só unha empresa INFORHOUSE considerou os seus valores anualmente.

Polo tanto, entendemos que no presente caso non existen motivos que permitan considera-lo defecto como insubsanable, e aínda cando a cláusula poida xenerar dúbidas na súa interpretación, éstas non amparan un pronunciamento tan severo e extremo como o do desestimento, xa que non nos movemos no campo da legalidade tanto como no da interpretación do prego.

VISTOS os preceptos legais de aplicación

ESTE TRIBUNAL, en sesión celebrada o día da data, ACORDA:

Primeiro. Estima-lo recurso especial presentado por D. Antonio Carballo Fernández en representación de SPETEL GALICIA, S.L., contra o acordo de desestimento do procedemento aberto para a “Contratación de subministro en réxime de arrendamento de dispositivos de impresión”, (expte. 7075/113) dictado polo Concello de Vigo, anulando o acordo impugnado.

Segundo. Levanta-la suspensión do procedemento de contratación, de conformidade co disposto no artigo 47.4 do TRLCSP.

Terceiro. Declarar que non se aprecia a concorrencia de mala fe ou temeridade na interposición do recurso polo que non procede a imposición da sanción prevista no artigo 47.5 do TRLCSP. Esta resolución é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación, de conformidade co disposto nos artigos 10.1 letra k) e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

6(882).- FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA DO SERVIZO DE CULTURA E BIBLIOTECAS NO AUDITORIO MUNICIPAL NO SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2015. EXPTE. 15045/331.

Visto o informe xurídico, do 21.07.15 e o informe de fiscalización do 27.07.15, dáse conta do informe-proposta do 2.07.15, do xefe do Servizo de Cultura e Bibliotecas, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro de Cultura, que di o seguinte:

O concelleiro-delegado da área de Cultura resolveu con data 2 de xullo de 2015 que polo servizo de Cultura e Bibliotecas se inicie o expediente necesario para a fixación de prezos de venda de entradas da programación do servizo de Cultura e Bibliotecas no Auditorio Municipal no segundo semestre do ano 2015, dacordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42.

Xa que o custo de organización desta programación é extraordinario, tal e como establece a citada ordenanza reguladora de prezos públicos, increméntanse as tarifas relacionadas nesta ordenanza en contía que non superará o custo calculado en base á ocupación total das localidades.

A programación que se presenta no primeiro semestre do ano 2015 consta dun total de dezasete espectáculos, divididos en programación dirixida a público adulto (a realizar os venres) e programación dirixida a público familiar (a realizar os domingos).

Para calcular o prezo por espectador de cada función, divídese o caché de cada espectáculo entre o número total de espectadores supoñendo unha ocupación total das localidades (285 butacas):

DÍA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	CACHÉ	COSTE ESPECTADOR	PREZO PROPOSTO
02/10/15	Guadi Galego	Lúas de outubro e agosto	1.721,25 €	6,03 €	6,00 €
09/10/15	Teatro do Atlántico	O principio de Arquímedes	3.900,00 €	13,68 €	8,00 €
16/10/15	Producciones Viridiana	Ligeros de equipaje. Crónica de la retirada	2.280,00 €	8,00 €	8,00 €
23/10/15	Limiar Teatro	Pangeia	4.840,00 €	16,98 €	6,00 €
30/10/15	Sarabela Teatro	Pequenas Certezas	3.900,00 €	13,68 €	8,00 €
01/11/15	Marcel Gros	La gran A...ventura	2.807,20 €	9,84 €	5,00 €
06/11/15	Circle of Trust	Divenire	4.743,20 €	16,64 €	6,00 €
08/11/15	Marie de Jongh	Kibubu	3.484,80 €	12,22 €	5,00 €
13/11/15	Alba María		1.815,00 €	6,37 €	6,00 €
15/11/15	Krego-Martín Danza	Laboratorio Inocencia	2.552,00 €	8,95 €	5,00 €
20/11/15	Emedous emocion&arte	Meu ben	3.993,00 €	14,01 €	8,00 €
22/11/15	La Güasa Circo-teatro	Móbil	1.742,40 €	6,11 €	5,00 €

27/11/15	Teatro Che y Moche	El Funeral	3.678,40 €	12,90 €	8,00 €
29/11/15	Emedous emotion&arte	Jim e a illa do tesouro	2.081,00 €	7,30 €	5,00 €
06/12/15	Teatro Plus	Quiero ser guapa	2.337,72 €	8,20 €	5,00 €
13/12/15	Mamá Cabra	15 primaveras	1.950,00 €	6,84 €	5,00 €
22/12/15		Gala Nadal Máxico	3.630,00 €	12,00 €	5,00 €

Ningún dos prezos propostos superan o custo calculado en base á ocupación total das localidades nas medias calculadas, segundo establece a ordenanza nº 42 reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos no seu artigo 3.1

Dacordo co artigo 3.1 da citada ordenanza se establecerán abonos pola compra de 5 espectáculos no que se aplicará un 15 % de desconto sobre o prezo total de compra e de 10 espectáculos, no que se aplicará un 25% de desconto, non sobrepasando en ningún dos casos o 30 % que establece a ordenanza.

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través da web www.ataquilla.com, a través do teléfono 902504500, despacho de billetes da central de espectáculos e no mesmo despacho de billetes do Auditorio municipal desde unha hora antes do comezo do espectáculo.

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura faise a seguinte PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Que se autoricen os prezos de venda de entradas da programación do servizo de Cultura e Bibliotecas no Auditorio Municipal no segundo semestre do ano 2015, dacordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42, segundo o seguinte detalle:

Espectáculos programados para público adultos (venres ás 21 horas): 6 e 8 €

- Guadi Galego, Limiar Teatro, Circle of Trust e Alba María (espectáculos de danza e música): 6 €*
- Teatro do Atlántico, Producciones Viridiana, Sarabela Teatro, "Meu ben" de emedous e Teatro Che y Moche (espectáculos de teatro): 8 €*

Espectáculos programados para público familiar (domingos ás 18 horas): 5 €

Se establecen dous tipos de abonos á carta pola compra de 5 espectáculos no que se aplicará un 15 % de desconto sobre o prezo total de compra e de 10 espectáculos, no que se aplicará un 25% de desconto.

Asemade, e en virtude do protocolo de colaboración asinado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos e o director da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, con data 16 de marzo de 2015, se establece un desconto do 65% no prezo das entradas para os estudantes e profesorado da ESAD, e que deberán acreditar coa presentación do carné correspondente nas portas do Auditorio.

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través da web www.ataquilla.com , no teléfono 902504500, no despacho de billetes da Central de Espectáculos e no mesmo despacho de billetes do Auditorio Municipal desde unha hora antes do comezo do espectáculo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(883).- PROMOCIÓN POLO CONCELLO DE VIGO DO PROXECTO EMPRESARIAL “KIDCODE” PARA A SÚA PRESENTACIÓN AO PROGRAMA DE INICIATIVAS LOCAIS DE EMPREGO (ILES) DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR. EXPTE. 12113/77.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 27.07.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, que di o seguinte:

A Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia dispón dun programa denominado “Iniciativas Locais de Emprego” (ILES), regulado polo Decreto 9/2000, de 12 de xaneiro, publicado no Diario Oficial de Galicia de 27 de xaneiro; corrección de erros no DOG nº 24 de 4 de febreiro de 2000, que financia iniciativas innovadoras con efecto dinamizador de actividade económica e de emprego.

O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que é susceptible de entrar no programa de ILES, o proxecto empresarial “KidCode” con enderezo en Vigo, promovido e presentado por Dona Leticia Costas Muñoz en calidade de representante, por acadar as seguintes características:

- *O proxecto empresarial “KidCode” é innovador na área de Vigo, e consiste nun espazo de traballo e aprendizaxe infantil donde nenos de entre 7 e 17 anos entren en contacto coa programación lúdica, visual e creativa. O obxectivo fundamental é que os nenos descubran novas tecnoloxías e aprendan a programar os seus propios proxectos mentras se divirten, potenciando novas habilidades que lle serán moi útiles a nivel escolar e profesional. O espazo de aprendizaxe estará formado por talleres:*
 - *Aprenderán a crear os seus propios videoxogos, animacións, apps do móbil e webs, utilizando ferramentas com Scratch, Minecraft, App-Inventor, Lego Wedo.*
 - *Colaboradores externos de apoio o proxecto: profesores freelance de programación e robótica, así como manexo de drones e deseño 3D en función do taller que se realice.*
 - *Realizarán actividades de impresión en 3D, robótica e electrónica.*
 - *Comercialización de produtos de robótica e electrónica como os empregados nos talleres e infoproductos (ebooks e cursos online).*
- *Outras actividades que tamén se ofrecerán son talleres a:*
 - *Centros educativos e outras institucións (museos, fundacións,...)*
 - *Campamentos vacacionais.*

- *A empresa terá o seu domicilio social r/ Zamora, 88 e adoptará a forma xurídica de Autónomo.*

“KidCode” é unha iniciativa empresarial innovadora, xa que será o primeiro centro de programación e robótica educativa para nenos en Vigo, nun entorno de aprendizaxe flexible e lúdico.

A empresa precisa dun investimento inicial de aproximadamente 30.000 €, para acondicionamento, equipación do local entre outros, sendo a financiación recursos propios da promotora (10.000 €) e financiación allea (20.000€).

O proxecto cumpre os requisitos establecidos na regulación de ILEs, en canto aos aspectos de ser viable técnica, económica e financeiramente, ademais de ser un proxecto xerador de emprego estable.

Achégase o plan de empresa do proxecto que é a súa carta de presentación que permite reflexionar sobre cada un dos pequenos detalles da posta en marcha do negocio e a súa xestión para vela viabilidade real do negocio e saber actuar para obter os obxectivos plantexados.

Tras analizarlo proxecto empresarial coa persoa emprendedora, a xefatura de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que a iniciativa empresarial descrita cumpre os requisitos previstos no programa ILEs da Consellería de Traballo e que, polo tanto, pode ser beneficiaria das citadas axudas e subvencións.

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “KidCode” promovida por [Dona Leticia Costas Muñoz](#), sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- *Apoio polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, na procura de información e asesoramento sobre as axudas municipais vixentes e elaboración ou estudo dun informe económico de viabilidade do proxecto.*
- *Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.*
- *Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.*
- *Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte. (ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(884).- PROMOCIÓN POLO CONCELLO DE VIGO DO PROXECTO EMPRESARIAL “ALMA E CORAXE S.L.” PARA A SÚA PRESENTACIÓN AO PROGRAMA DE INICIATIVAS LOCAIS DE EMPREGO (ILES) DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR. EXPTE. 12109/77.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 23.07.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, que di o seguinte:

A Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia dispón dun programa denominado “Iniciativas Locais de Emprego” (ILEs), regulado polo Decreto 9/2000, de 12 de xaneiro, publicado no Diario Oficial de Galicia de 27 de xaneiro; corrección de erros no DOG nº 24 de 4 de febreiro de 2000, que financia iniciativas innovadoras con efecto dinamizador de actividade económica e de emprego.

*O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que é susceptible de entrar no programa de ILES, o proxecto empresarial “Animosa” de deseño e comercio maiorista de ilustracións propias en diferentes soportes (textil, hogar, artigos de papelería e complementos) “Alma e Coraxe, S.L.L.” con enderezo en Vigo, promovido e presentado por Dona Bárbara Iria Hor-
tas Alvarez en calidade de representante, por acadar as seguintes características:*

- *O proxecto empresarial “Alma e Coraxe, S.L.L.” é innovador na área de Vigo, e consiste na investigación sobre persoaxes femininas relevantes na historia da humanidade, deseño sobre a imaxe das mesmas, e traslado desta imaxe a diferentes soportes sempre acompañadas por unha bibliografía da persoaxe en cuestión:*
 - *Venta maiorista de artigos relacionados coa ilustración: camisteas, vaxillas, artigos de papelería, fogar.*
 - *Comercialización a pequena tenda, online e a gran cadea, coa posibilidade de ofrecer persoaxes específicos en exclusividade se ó cliente o require.*
 - *Servizos de venda e asesoramento a través da web, tanto para provedores coma clientes: persoalización de cartas, envío paquetes regalo, enlaces de interese.*
 - *Provedores do entorno de ámbito local e empresas de economía social: impresión gráfica, porcelanas, fábrica téxtil en área metropolitana.*
 - *Aporte cultural por inclusión de bibliografía da persoaxe en cada produto.*
- *Utilización de plataformas en redes sociais, para promoción.*
- *A empresa terá o seu domicilio social na r/ Teixugueiras, 13-Portal 2-11H, e adoptará a forma xurídica de Sociedade Limitada Laboral.*

Animosa é unha iniciativa empresarial innovadora, que ofrece ó mercado produto novedoso, culturalmente activo e que implica recoñecemento ó sector feminino, xa que diseña e comercializa igualdade e recoñecemento para as mulleres a través de produtos culturais en soportes actuais e novos. Crea a propia imaxe e representación de mulleres que foron importantes para a humanidade, confiríndolle segundo a súa aportación un alma ou característica propia, para pasar a plasmala en diferentes soportes (textil, papelería, fogar, complementos,...), acompañando ó produto con un “marcapáxinas-biografía” da persoaxe en cuestión no idioma preferido polo cliente.

A empresa precisa dun investimento inicial de 150.000 €, sendo a financiación recursos propios dos socios 50.000 €, e financiación allea de 100.000 € dos cales teñen 90.000€ a través dunha Sociedade de Garantía Recíproca e unha entidade financeira.

O proxecto cumpre os requisitos establecidos na regulación de ILES, en canto aos aspectos de ser viable técnica, económica e financeiramente, ademais de ser un proxecto xerador de emprego estable.

Achégase o plan de empresa do proxecto que é a súa carta de presentación que permite reflexionar sobre cada un dos pequenos detalles da posta en marcha do negocio e a súa xestión para vela viabilidade real do negocio e saber actuar para obter os obxectivos plantexados.

Tras analizarlo proxecto empresarial coa persoa emprendedora, a xefatura de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que a iniciativa empresarial descrita cumpre os requisitos previstos no programa ILEs da Consellería de Traballo e que, polo tanto, pode ser beneficiaria das citadas axudas e subvencións.

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “*Alma e Coraxe S.L.L.*” promovida por *Dona Bárbara Iria Hortas Alvarez* en representación, sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, na procura de información e asesoramento sobre as axudas municipais vixentes e elaboración ou estudo dun informe económico de viabilidade do proxecto.
- Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.
- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte. (ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(885).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL SANTA MARTA-CASCO VELLO. EXPTE. 11367/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe xurídico do 17.07.15, e o informe de fiscalización do 22.07.15, dáse conta do informe-proposta do técnico superior de Educación, do 2.07.15, conformado pola concelleira de Educación e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 2 de setembro de 2010, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adjudicar definitivamente a Colegio Los Milagros SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da Escola infantil municipal Santa Marta (expte 11367-332), de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 10/05/2010 e a oferta presentada.

No prego de cláusulas administrativas se fixa unha duración do contrato de catro anos e se establece a posibilidade de prorrogar o mesmo (cláusula 2.3 en relación co apartado 7.3 das FEC). Así, prevéase a posibilidade de prórrogas por un máximo de dous anos. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data, 08/08/14 acordou aprobar a primeira prórroga, polo período 01/10/14 ao 30/09/15.

A prestación do servizo de xestión da Escola infantil municipal Santa Marta por parte da empresa actualmente adxudicataria (Colegio Los Milagros SL) estase a realizar a plena satisfacción deste servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta, e a un prezo competitivo. Polo tanto, dende o servizo municipal de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a concreción da continuidade do servizo mediante a materialización da segunda prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP.

Con data 29/06/15, a Intervención Xeral municipal indica unha serie de observacións con respecto á proposta presentada, que se tiveron en conta na elaboración da presente proposta.

Á vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral e informe xurídico, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Autorizar a prórroga do contrato para a xestión da Escola Infantil Municipal Santa Marta-Casco Vello (expte 11367-332) para o período comprendido entre o 1/10/15 e o 30/09/16, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- O importe da prórroga, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, será de 223.435,54 euros; a súa distribución anual será a seguinte:

Ano 2015 (1/10/2015-31/12/2015): 55.858,86 €, que se imputarán á partida 3230.227.99.06 (Escola Infantil Municipal de Santa Marta-Casco Vello), e bolsa de vinculación.

Ano 2016 (1/1/2016-30/09/2016): 167.576,68 €, que se imputarán á partida 3210.227.99.06 (Escola Infantil Municipal de Santa Marta-Casco Vello), e bolsa de vinculación.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(886).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO POLBO 2015. EXPTE. 6115/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 17/07/15 e de fiscalización do 21/07/15, dáse conta do informe-proposta do 24/07/15, da xefa do servizo de Festas conformado pola concelleira-delegada de área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“A concellería de Festas e Turismo está a xestionar o programa de actividades que terán lugar na nosa cidade nos meses de xullo, agosto e setembro, dentro das Festas de Verán 2015. Dentro desta programación véñense incluíndo nos últimos anos unha serie de festas de enxalzamento gastronómico, co obxecto de potenciar os produtos das nosas rías como o mexillón, a sardiña e o polbo, e que se realiza en colaboración con diversas entidades, xa que o Concello non dispón dos medios suficientes para afrontar a organización en solitario destes eventos.

Así, como consecuencia dunha resolución da concelleira de Festas de data 30 de xuño de 2015 iniciouse o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración co Centro veciñal e cultural de Valadares (CIF G-36.805.158), para a realización da “Festa do Polbo 2015”, o vindeiro 9 de agosto, no Monte dos Pozos, dentro da programación “Vigo en Festas 2015”.

Na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais (Cabalgata de Reis, Entroido, etc.).

O convenio do que se trata é un convenio de colaboración dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ó limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades.

Este convenio prevé unha disposición dineraria de 8.100,00 euros, con cargo á aplicación 3380.489.0006 (Convenio Centro veciñal cultural Valadares – Festa Polbo) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio, a favor do Centro veciñal e cultural de Valadares, suxeito ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social expostas nas obrigas pactadas en convenio.

Outras obrigas que asume o Concello respecto da entidade son: colaborar na organización xeral en xestións como a presenza da Policía Local e dos servizos de Protección civil, editar un total de 500 carteis que distribuirán posteriormente a entidade e incluír a festa gastronómica no programa “Vigo en Festas 2015”.

Pola súa banda, a entidade encargarse da organización xeral da festa e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 16.000,00 euros.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia.

Dado o carácter cultural, cívico e social, responde ademais ao previsto no artigo 88 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e forma parte das competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, e ós municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía de 19 de xuño de 2015.

A presente axuda aparece nominativamente recollida a favor do destinatario dentro do capítulo 4 do presente orzamento (Convenio Centro veciñal cultural Valadares – Festa Polbo) do mesmo capítulo económico.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira de Festas e Turismo faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

1º.- Que se aprobe o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e o Centro veciñal e cultural de Valadares para a organización da “Festa do Polbo 2015”.

2º.- Que se autorice e comprometa un gasto por importe de 8.100,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará ao Centro veciñal e cultural de Valadares (CIF G-36.805.158), con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0006 (Convenio Centro veciñal cultural Valadares – Festa Polbo) do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO POLBO 2015

Na Casa do Concello de Vigo, a dous mil quince

REUNIDOS

Dunha parte, dona Ana Laura Iglesias González, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Festas e Turismo do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

Doutra, dona Ana Pérez Davila, como presidenta do Centro veciñal e cultural de Valadares, CIF nº G-36.805.158 e enderezo social na Estrada xeral de Valadares nº 261 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 6115/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que o Centro Veciñal e Cultural de Valadares ten por fins, entre outros, o de organizar actividades culturais e sociais diversas. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a “Festa do Polbo”, no monte dos Pozos de Valadares, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.

II.- Que o Concello de Vigo está a organizar o programa de actividades “Vigo en festas 2015”, que se desenvolve nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enxalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como os nosos folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

III. Que dende o ano 1996 se asinaron diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0006, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 8.100,00 (oito mil cen) euros, a favor do Centro Veciñal e Cultural de Valadares.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa do Polbo 2015 no Monte dos Pozos o vindeiro 9 de agosto.

VI.- Que a entidade Centro Veciñal e Cultural de Valladares non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsábeis e certificacións que figuran no expediente núm. 6115/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade **Centro veciñal e cultural de Valadares**, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- O Centro veciñal e cultural de Valadares comprométese a colaborar coa Concellería de Festas e Turismo do Concello de Vigo en canto a organización da Festa do Polbo 2015 que terá lugar no Monte dos Pozos o día 9 de agosto de 2015, e concretamente a:

1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil, así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

6º.- Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio dos programas.

8º.- Deixar a zona do Monte dos Pozos que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa das "Vigo en Festas 2015".

4º.- Conceder directamente ao Centro Veciñal e Cultural de Valadares, unha subvención por importe de 8.100,00 (oito mil) euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización da Festa do Polbo 2015.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES87 2080 5082 3630 4000 7433, da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- A beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e antes do mes de decembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos

previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo gasto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total de 16.000 €
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. ou as normas sobre Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderáse substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 8.100,00 euros, euros”

Décimo.- Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionábeis os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo persoal técnico do Servizo de Festas e Turismo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2015 e non será prorrogábel.

Décimo oitavo.- A concelleira da Área de Festas e Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas e Turismo. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Festas e Turismo. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

A concelleira delegada da
Área de Festas e Turismo
Ana Laura Iglesias González

A presidente do
Centro veciñal e cultural de Valadares
Ana Pérez Davila"

11(887).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MEXILLÓN 2015. EXPTE. 6116/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 17/07/15 e de fiscalización do 21/07/15, dáse conta do informe-proposta do 24/07/15, da xefa do servizo de Festas conformado pola concelleira-delegada de área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“A concellería de Festas e Turismo está a xestionar o programa de actividades que terán lugar na nosa cidade nos meses de xullo, agosto e setembro, dentro das Festas de Verán 2015. Dentro desta programación véñense incluíndo nos últimos anos unha serie de festas de enxalzamento gastronómico, co obxecto de potenciar os produtos das nosas rías como o mexillón, a sardiña e o polbo, e que se realiza en colaboración con diversas entidades, xa que o Concello non dispón dos medios suficientes para afrontar a organización en solitario destes eventos.

Así, como consecuencia dunha resolución da concelleira de Festas de data 30 de xuño de 2015 iniciouse o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa Federación de Peñas recreativas El Olivo (CIF G-36.704.666), para a realización da “Festa do Mexillón 2015”, o vindeiro 6 de setembro, no Parque de Castrelos, dentro da programación “Vigo en Festas 2015”.

Na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais (Cabalgata de Reis, Entroido, etc.).

O convenio do que se trata é un convenio de colaboración dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades conveniantes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ó limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades.

Este convenio prevé unha disposición dineraria de 12.600,00 euros, con cargo á aplicación 3380.489.0005 (Convenio Fed Peñas recreativas El Olivo – Festa Mexillón) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio, a favor da Federación de Peñas recreativas El Olivo, suxeito ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social expostas nas obrigas pactadas en convenio.

Outras obrigas que asume o Concello respecto da entidade son: colaborar na organización xeral en xestións como a presenza da Policía Local e dos servizos de Protección civil, editar un total de 500 carteis que distribuirán posteriormente a entidade e incluír a festa gastronómica no programa “Vigo en Festas 2015”.

Pola súa banda, a entidade encargárase da organización xeral da festa e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 13.100,00 euros.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia.

Dado o carácter cultural, cívico e social, responde ademais ao previsto no artigo 88 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e forma parte das competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m

da Lei 7/1985, e ós municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía de 19 de xuño de 2015.

A presente axuda aparece nominativamente recollida a favor do destinatario dentro do capítulo 4 do presente orzamento (Convenio Fed Peñas recreativas El Olivo – Festa Mexillón) do mesmo capítulo económico.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira de Festas e Turismo faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

1º.- Que se aprobe o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas recreativas El Olivo para a organización da “Festa do Mexillón 2015”.

2º.- Que se autorice e comprometa un gasto por importe de 12.600,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Federación de Peñas recreativas El Olivo (CIF G-36.704.666), con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0005 (Convenio Fed Peñas recreativas El Olivo – Festa Mexillón) do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

“PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MEXILLÓN 2015

Na Casa do Concello de Vigo, a dous mil quince

REUNIDOS

Dunha parte, dona Ana Laura Iglesias González, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Festas e Turismo do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

Doutra, don Camilo Pais Martínez, como presidente da Federación de Peñas recreativas “El Olivo”, CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na praza dos Galegos Ilustres de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 6116/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a Federación de Peñas recreativas “El Olivo” ten por fins, entre outros, o fomento e estimulación da cultura, a organización e desenvolvemento de eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en prol do engrandecemento de Vigo. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a “Festa do Mexillón”, no parque de Castrelos, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.

II.- Que o Concello de Vigo está a organizar o programa de actividades “Vigo en festas 2015”, que se desenvolve nos meses de xullo, agosto e setembro na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enxalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como os nosos folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

III. Que dende o ano 1996 se asinaron diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.489.0005, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 12.600,00 (doce mil seiscientos) euros, a favor da Federación de Peñas recreativas El Olivo.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa do Mexillón 2015 no Parque de Castrelos o vindeiro 6 de setembro.

VI.- Que a entidade Federación de Peñas recreativas El Olivo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsábeis e certificacións que figuran no expediente núm. 6116/335.

*Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade **Federación de Peñas recreativas El Olivo**, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

PACTOS

Primeiro.- A Federación de Peñas recreativas El Olivo comprométese a colaborar coa Concellería de Festas e Turismo do Concello de Vigo en canto a organización da Festa do Mexillón 2015 que terá lugar no Parque de Castrelos o día 6 de setembro de 2015, e concretamente a:

1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil, así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

6º.- Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio dos programas.

8º.- Deixar a zona do Parque de Castrelos onde teña lugar a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa das "Vigo en Festas 2015".

4º.- Conceder directamente á Federación de Peñas recreativas El Olivo, unha subvención por importe de 12.600,00 (doce mil seiscentos euros) co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización da Festa do Mexillón 2015.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES09 2080 5077 9330 4001 6285, da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- A beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e antes do mes de decembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo gasto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total de 13.100 €
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. ou as normas sobre Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 12.600,00 euros.

Décimo.- Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por

resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionábeis os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo servizo da Concellería de Festas e Turismo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2015 e non será prorrogábel.

Décimo oitavo.- A concelleira da Área de Festas e Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu

tratamento a Concellería de Festas e Turismo. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Festas e Turismo. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

A concelleira delegada da
Área de Festas e Turismo
Ana Laura Iglesias González

O presidente da
Federación de Peñas recreativas El Olivo
Camilo Pais Martínez”

12(888).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLA XEFATURA DA POLICÍA LOCAL DURANTE O SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2015 (ABRIL, MAIO E XUÑO). EXPTE. 44848/212.

Mediante escrito de data 27.07.15, en cumprimento do disposto na base 31ª das do orzamento vixente, o concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade, dá conta da relación de contratos menores celebrados pola Policía Local correspondente ao segundo trimestre do ano 2015 (abril, maio e xuño), que son os seguintes:

Expte.	Partida	CM	Asunto	Adxudicatario	Data De-creto	Data Rc	Importe
43684-212	1320.2200000	SUB	Material Oficina non Inventariable	-	16/04/15	20/04/15	1.000,00€
43685-212	1320.2279902	SER	Estudios e Traballos Técnicos	-	16/04/15	20/04/15	3.000,00€
43792-212	1320.2219900	SUB	Munición	Armería ACP Santos Cao	04/05/15	08/05/15	4.350,00€
43801-212	1320.2279902	SER	Geolocalizadores vehículos policiaais	Locatel	29/04/15	05/05/15	14.188,46€
43922-212	1320.2279910	SER	Curso comunicación	Forox Innovación	06/05/15	12/05/15	900,00€

			eficiente em intervencións policiais	SL			
43968-212	1320.2279910	SER	Curso Inglés básico: atención a cidadáns extranxeiros	Forox Innovación SL	11/05/15	18/05/15	900,00€
440654-212	1320.2279910	SER	Curso manexo cabalos espazos públicos	Benito Conrado Pérez Martínez	19/05/15	20/05/15	3.630,00€
44078-212	1320.2219903	SUB	16 cascos motorista	Moto Élite	15/05/15	18/05/15	1.120,00€
44225-212	1320.2279910	SER	Curso manexo báscula veh. Pesados	Tradesegur	12/06/15	16/06/15	798,60€
44352-212	1320.2279910	SER	Curso reciclaxe atención telefónica	Forox Innovación SL	05/06/15	09/06/15	900,00€
44362-212	1320.2279902	SER	Cambio titularidade rexistral e renovación P. circulación veh. 2462FDR	GESTORÍA RODAL	10/06/15	17/06/15	378,62€
44438-212	1320.2279910	SER	Curso medición ruidos I	Forox Innovación SL	12/06/15	16/06/15	2.160,00€
44460-212	1320.2150000	SER	Reparación mantemento mobiliario	-	12/06/15	16/06/15	1.000,00€
44615-212	1320.2080001	SUB	Arrendamento doutro inmovilizado material	Promar Meira	30/06/15	03/07/15	19.388,10€

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

13(889).- PRODUTIVIDADE POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DA XEFATURA DO SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA -1º TRIMESTRE 2015. EXPTE. 26868/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.07.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación, do 16.07.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

En data 15/06/2015 recibese no Servizo de Recursos Humanos solicitude de aboamento de complemento de produtividade ao funcionario D Antonio Villanueva Guimerans , N.P. 78152 e adscrito ao posto Cod 222 "Adxunto ao Xefe de Servizo de Administración electrónica" polo desempeño das funcións da Xefatura durante o primeiro trimestre do ano 2015.

Ditas funcións de xefatura foron encomendadas ao devandito funcionario no ano 2013 (Resolución de data 25/03/2013) e no ano 2014 (Resolución de data 03/06/2014).

No punto segundo da Resolución de data 03/06/2014 sinalabase o carácter provisional da mesma e a súa validez ata que se procedese á reasignación de efectivos ou incorporacion do funcionario adscrito ao posto acumulado, e en todo caso ata 31 de decembro do 2014, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

Con respecto ao ano 2015, a funcionaria que suscribe non ten constancia de que por parte da Concellería delegada de administración electrónica, fora solicitada a realización dunha nova encomenda .

O posto Cod 19 "Xefe do servizo de Administración electrónica" atopase vacante por xubilación do seu titular dende o 06/08/2014, non sendo adscrito a dito posto empregado municipal algun ata a data.

As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, establecen que con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento e adicación e, en particular a actividade extraordinaria derivada da realización temporal das funcións atribuídas a outro posto de traballo distinto do o que esta adscrito e que se atope vacante ou o seu titular atopese ausente, por motivos de urxencia e necesidade debidamente acreditados e sempre que resulten axeitadas a súa clasificación, grao o categoría profesional.

No presente caso non foi autorizada previamente pola Alcaldía ou Concellería-delegada da Área de Xestión Municipa para o ano 2015, aínda que si o fora nos anos 2013 e 2014.

Por outra banda O Concelleiro delegado de Administración electrónica, no seu escrito de data 12/06/2015 solicita o aboamento do complemento de produtividade pola realización das funcións encomendadas, en referencia as funcións de xefatura do servizo, seguintes:

Cooperar co seu superior inmediato.

•Asumir o liderado do servizo do que é responsable, exercendo funcións de natureza directiva, en concreto, as seguintes:

–xestión estratéxica do servizo

–xestión organizativa do servizo

•Promover a comunicación interna e externa do servizo

•Promover unha cultura de mellora continua dentro do servizo

•Asumir as funcións relacionadas coa planificación, seguimento e control da actividade do servizo

•Asumir funcións relacionadas coa xestión dos recursos humanos do servizo

•Asumir funcións relacionadas coa xestión económica do servizo

•Asumir funcións relacionadas coa xestión documental e de expedientes do servizo, así como funcións de aprobación documental.

Adxuntase listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendadas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito,.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicada no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007,

do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014 de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.

Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

Deste xeito, parece axeitado o outorgamento dun Complemento de Productividade, destinado a retribuir a aqueles funcionarios nos que concurran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria, o interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións, circunstancias que a xuízo da suscribente, atopanse no presente caso..

Tendo en conta que o desempeño das funcións de dous postos por motivos de urxencia retribúese co importe equivalente ao do complemento de destino do posto acumulado en función dos días efectivamente traballados, dado que o complemento de destino do posto Cod 222 "Adxunto ao Xefe de Servizo de Administración electrónica" (CD 28) supón a cantidade mensual de 832,40 € e que o funcionario D Antonio Villanueva Guimerans, disfrutou de 12 días de vacacións e non tivo ningunha baixa por I:T no período comprendido entre o 1 de xaneiro a' 31 de marzo de 2015, corresponderíalle o abono da cantidade de 2164,24 €

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-"Pro-

ductividade”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- Outorgar ao funcionario municipal D Antonio Villanueva Guimerans, un complemento de produtividade polo desempeño das funcións do posto Cod 19 “Xefe de Servizo de Administración electrónica”, de xeito simultáneo as correspondentes ao posto Cod 222 “Adxunto ao Xefe de Servizo de Administración electrónica, ao que se atopa adscrito, segundo informe do Concelleiro delegado da Área de Administración electrónica de data 12/06/2015, no período comprendido entre o 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2015.
- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 2164,24 € en concepto de produtividade a favor do empregado municipal anteriormente referenciado, con cargo á partida orzamentaria 920.0.1500000 “Productividade”.

Dése traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(890).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL- XUÑO 2015. EXPTE. 26875/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23.07.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación, do 22.07.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

Distintos servizos e unidades municipais remitiron ao servizo de Recursos Humanos relación dos domingos, festivos e nocturnidade correspondentes ao mes de Xuño de 2015, todas elas co visto e prace dos Concelleiros-Delegados de cada servizo.

As instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e vixente na actualidade no seu apartado cuarto, letra a), establece que aboaranse ós traballos realizados en horas nocturnas, entre as 22'00 e 7'00 horas, cun recargo por hora traballada de 2'72 €/hora, no seu apartado letra b), establece que aboaranse os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos, cun recargo por hora de 4,02 €.

A distribución por servizos dos gastos orixinados polos conceptos de festividade e nocturnidade é :

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Xuño	91,00	365,82	26,00	70,72	436,54
Extinción Incendios	Xuño	1.974,00	7.935,48	647,00	1.759,84	9.695,32
Policia Local	Xuño	9.870,55	39.679,61	9.882,97	26.881,68	66.561,29
Cemiterios	Xuño	478,50	1.923,57	0,00	0,00	1.923,57
Parque Móbil	Xuño	16,00	64,32	203,00	552,16	616,48
Turismo	Xuño	105,00	422,10	0,00	0,00	422,10
Bibliotecas	Xuño	20,00	80,40	0,00	0,00	80,40
Museo	Xuño	47,75	191,96	0,00	0,00	191,96
Limpeza	Xuño	0,00	0,00	150,00	408,00	408,00
Parque Central	Xuño	198,00	795,96	270,00	734,40	1.530,36
IMD	Maio/Xuño	64,50	259,29	26,50	72,08	331,37
TOTAIS		12.865,30	51.718,51	11.205,47	30.478,88	82.197,38

As relacións de persoal propostas para o aboamento en concepto de gratificacións por nocturnidade e/ou festividade contidas no expediente pertencen aos servizos de Alcaldía, Extinción de Incendios, Policía Local, Cemiterios, Parque Móbil, Turismo, Bibliotecas, Museo, Limpeza, Cultura, Parque Central e IMD.

Nos informes que forman parte do expediente, asinados polas xefaturas e concellerías de área correspondentes figuran Servizo, Numero de persoal, Nome do empregado, data e franxa horaria que dan lugar ao aboamento en concepto de gratificación dos recargos de festividade e nocturnidade, total de horas nas que cada empregado municipal desempeñou as suas funcións en xornada festiva ou horario nocturno e total a retribuir, segundo as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos.

No caso dos policías-seguridad de Alcaldía, amais da relación de datas e franxa horaria, dito recargo se corresponde co desempeño das funcións propias e habituais do posto Conductor de Alcaldía.

Extinción de Incendios.- Os recargos por festividade e nocturnidade propostos corresponde ao exceso de xornada realizado polo persoal relacionado, derivadas de diversas actuacións e intervencións en distintos siniestros así como horas de asistencia ao xulgado, fora da xornada habitual de traballo, segundo fai constar o subxefe do servizo no seu informe, conformado polo Concelleiro da Área, de data 03/07/2015.

Proponse o aboamento de gratificación por festividade ao persoal relacionado do servizo de cemiterios xa que, os cemiterios municipais atópanse abertos sábados, domingos e festivos, e deben dispor da presenza do persoal municipal.

Parque Móbil.- en informes de data 07/07/2015, o xefe do Parque Móbil remite, conformado pola xefatura da Área e o Concelleiro delegado, informe sobre horario de execución das mesmas que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.

Turismo.- tal e como se recolle no informe da Xefa de Turismo, co conforme do Concelleiro delegado da Área, de data 07/07/2015, no que se informa do horario de funcionamento do Centro de Recepción de Visitantes adscrito a dito servizo, con horario ininterrompido de luns a domingos entre as 10,00 e as 17,00 h, polo que corresponde o aboamento ao persoal proposto, do recargo en concepto de festividade.

Museos.- O aboamento dos recargos por festividade ao personal do Servizo de Museos correspóndese co horario de apertura ao público de ditas instalacións e a imprescindible presenza do persoal municipal.

Limpeza.- Proponse o aboamento ao persoal do servizo, en concepto de nocturnidade, polo desenvolvemento de funcións de inspección contratadas de limpeza en horario fora da xornada laboral, considerado nocturno (22:00 a 24:00h e 5:45 a 6:45 h).

Bibliotecas.- Dado que a Biblioteca Juan Compañel desenvolve un horario de atención ao público de luns a sábados, o persoal que adscrito a mesma ten que desempeñar as súas funcións segun os turnos establecidos, incluídos os sábados en horario de 10.00 a 14.00 h, polo que corresponde o aboamento ao persoal proposto, do recargo en concepto de festividade.

Parque Central.- Con data 01/07/2015, o xefe da Área de Servizos Xerais remite, conformado pola xefatura da Área e o Concelleiro delegado, remite informe sobre horario de execución das tarefas de vixilancia que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.

IMD.- Achegase informes do director técnico do IMD, de datas 2/06/2015 e 2/07/2015, no que se xustifica o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade no desempeño das funcións do posto de axudante de mantemento.

Inclúese no presente expediente relación de persoal do Servizo da Policía Local ao que lle corresponde o aboamento dos recargos por festividade e nocturnidade, polo desempeño das súas funcións segun turnos de traballo (cuadrante), exceso de xornada ou asistencia a xulgados.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada pola lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

*“Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución: os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de **82.197'38 €**, con cargo a partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”*

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	TOTAL FESTIVAS	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Xuño	De Vázquez Martínez, Manuel a Fontan Balbuena, Camilo	365,82	70,72	436,54
Extinción Incendios	Xuño	De Alonso Barcia, Rubén a Villar Domínguez, Manuel	7.935,48	1.759,84	9.695,32
Policia Local	Xuño	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vivero Mijares, Juan Guillermo	39.679,61	26.881,68	66.561,29
Cemiterios	Xuño	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	1.923,57	0,00	1.923,57
Parque Móbil	Xuño	De Alonso González, Ángel a Troncoso Martínez, Avelino	64,32	552,16	616,48
Turismo	Xuño	De Barreiro Fidalgo, Natalia a Mosquera González, Antía	422,10	0,00	422,10
Bibliotecas	Xuño	De Aguiar Castro, César a Vázquez Ruiz de Ocenda, Josefa	80,40	0,00	80,40
Museo	Xuño	De Ogando López, José Manuel a Román Breijo, Manuel	191,96	0,00	191,96
Limpeza	Xuño	De Arango Fernández, Luciano A Sola Quiroga, Constantino	0,00	408,00	408,00
Parque Central	Xuño	De Alonso Alonso, Miguel Ángel a Rodríguez Leiros, Alfonso	795,96	734,40	1.530,36
IMD	Maio/Xuño	De Alves Cerqueira, Antonio	259,29	72,08	331,37
TOTAIS			51.718,51	30.478,88	82.197,38

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(891).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVICIOS CORRESPONDENTES AOS MESES DE XANEIRO 2015 A MAIO 2015. EXPTE. 26728/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.07.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación, do 15.07.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

Segundo se establece no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo", os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral,

polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

Recíbense no Servizo de Recursos Humanos os documentos que a continuación se relacionan, nos que as xefaturas dos distintos servizos, co conforme do concelleiro/a delegado/a da área correspondente, relacionan o persoal que realizou exceso de xornada nos meses de Xaneiro e Maio-2015 (Alcaldía, Extinción Incendios, Policía Local, Inspección Vías e Obras, Ospio, Vías e Obras, Parque Central, Parque Móbil e Limpeza e persoal que traballou nas eleccións municipais do 24/05/2015).

Nº DOCUMENTO	SERVIZO	MES	Nº HORAS	EXPT. AUTORIZACION
150073923	Eleccións (Policía)	Maio-2015	4.113'00	
150073932	Eleccións (Vías e Obras)		1.900'00	
150073937	Eleccións (Conserxes)		586'41	
150071305	Alcaldía (Condutores)	Maio-2015	231'00	
150070867	Extinción de Incendios	Maio-2015	1.015'00	
150072938	Policía Local	Maio-2015	788'01	
150013960	Inspección Vías e Obras	Xaneiro-2015	53'00	26111/220
150073579	Ospio	Xaneiro-2015	64'00	26113/220
150068532	Vías e Obras	Xaneiro-2014	45'00	26109/220
150061054	Parque Central	Decembro-2014	73'00	25709/220
150068535		Xaneiro-2015	48'00	26110/220
150069576		Xaneiro-2015	43'00	
150069340		Xan e Febr-15	30'00	
150068573	Parque Móbil	Xaneiro-2015	106'00	26107 e 26112/220
150068542	Limpeza	Xaneiro-2015	30'00	26115/220
150069629		Xaneiro-2015	16'00	

Nos documentos remitidos indícase nome, número de persoal, servizo ao que esta adscrito o empregado municipal, data de realización do exceso de xornada, intervalo horario, lugar e motivo e número de horas en exceso realizadas. Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguimento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas.

Así mesmo, todo o exceso de xornada remitido, conta coa resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal de autorización de realización das mesmas.

Nas devanditas Resolucións, no seu punto II, se indica que:

“Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguimento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, estas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación”

Nas relacións correspondentes ao Servizo da Policía Local e Servizo de Extinción de Incendios e persoal que traballou con motivo das eleccións municipais, polas súas especiais características,

non se esixe a autorización previa. No caso do Servizo da Policía Local , amais do exceso de xornada realizado remítense os listados correspondentes a asistencia a xulgados do persoal do servizo.

Inclúense no expediente relacións cuantificadas das horas de asistencia a xulgado, prolongación de xornada laboral e, nocturnidade e festividade por cuadrante, figurando as datas, motivo e nº de horas do exceso de xornada realizado persoal do Servizo da Policía Local.

Nas relacións do persoal que forman parte do expediente 26728-220 e que se corresponden cos Documento 150073923 (Eleccións Policía), Documento 150073932 (Eleccións Vías e Obras), Documento 150073937 (Eleccións Conserxería), Documento 150071305 (Alcaldía) Documento 150070867 (Extinción de Incendios), Documento 150072938 (Policía Local), Documento 150013960 (Inspección Vías e Obras), 150073579 (Ospio) 150068532 (Vías e Obras), Documentos 150061054, 150068535, 150069576 e 150069340 (Parque Central), Documento 150068573 (Parque Móbil) e Documentos 150068542 e 150069629 (Limpeza), figuran o servizo ao que estan adscritos os empregados municipais, nome e apelido, número de persoal, posto, data, intervalo horario, lugar e motivo do exceso de xornada.

Incluense así mesmo o importe do exceso de xornada realizado polo persoal adscrito aos servizos municipais de Policía Local, I.M.E., Extinción de Incendios (vixiante colexio), Educación, Montes, parques e xardíns, Parque Central de Servizos , Taller de Vías e obras e Parque mobil co motivo da celebración das eleccións municipais no pasado mes de maio, segundo colaboración solicitada pola Xunta electoral de zona .

O número de empregados participantes foi 109, realizando un total de 6.293h, 15m , supoñendo un gasto total en exceso de xornada de 58.424,79 €, según o seguinte desglose por servizos:

Servizo	Nº efectivos	Nº Horas	Importe
Policía Local	40	4130,45	39.617,08 €
Extinción de incendios	1	16	176,17 €
I.M.E.	1	15,3	111,14 €
Educación	30	482	3.491,09 €
Parque Central de servizos	3	201	1.589,19 €
Taller Vías e Obras	23	1482	11.353,67 €
Parque Móbil	9	234	1.838,54 €
Montes,Parques e xardíns	2	32	247,91 €
			58.424,79 €

Pola Tesourería Municipal liquidáronse as cantidades que corresponden e que ascenden a un total de 83.795,76 €, das que como xa se referenciou anteriormente a cantidade de 58,424.79 € correspondese co exceso de xornada realizado polo persoal municipal co motivo da celebración das eleccións municipais do 24 de maio de 2015 e a cantidade de 25.370,97 € ao exceso de xornada que non foi posible compensar con descansos, con arreglo o previsto na disposición transitoria 6ª.3ª do Acordo regulador e as directrices contidas no antecedente da presente resolución, para a súa posterior inclusión na nómina de cada un dos interesados.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de diciembre e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propón-se á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

“Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIONES, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal que figura nas relacións que forman parte do expediente, asinadas polos respectivos xefes e servizo e conformadas polos con-

celleiros-delegados das Áreas correspondentes, dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HO-RAS	APELIDOS E NOME
Eleccións (Policia)	Maio-2015	4.113'00	De Aballe González, Manuel a Leiros Orge, Carlos
Eleccións (Vías e Obras)	Maio-2015	1.900'00	De Agra Abalde, José a Vázquez de Francisco, J. Luis
Eleccións (Conserxes)	Maio-2015	586'41	De Alonso Iglesias, José Enrique a Vallejo Ricon, Manuel
Alcaldía (Condutores)	Maio-2015	231'00	De Vázquez Martínez, Manuel A. a Fontán Balbuena, Camilo
Extinción de Incendios	Maio-2015	1.015'00	De Alonso Barcia, Rubén a Villar Gutierrez, Alberto
Policia Local	Maio-2015	788'01	De Airabella Marra, Francisco José a Vigo Quiros, Emilio
Inspección Vías e Obras	Xaneiro-2015	53'00	De Barciela Simón, Benito a Villar Estévez, Raimundo
Ospio	Xaneiro-2015	64'00	De Ferro Macho, Ángel a Vázquez Rial, Ramón
Vías e Obras	Xaneiro-2014	45'00	Alonso Iglesias, Manuel a Prieto Domínguez, Florentino
Parque Central	Decem-2014 Xaneiro-2015 Xaneiro-2015 Xan e Febr-15	73'00 48'00 43'00 30'00	Aira Pereiro, Emilio a Rodríguez Leiros, Alfonso
Parque Móbil	Xaneiro-2015	106'00	De Alonso González, Ángel a Troncoso Martínez, Avelino
Limpeza	Xaneiro-2015 Xaneiro-2015	30'00 16'00	De Alonso Alonso, Miguel Angel a Garrido Marcos, Jesús Manuel

O montante do presente expediente ascende a un total de 83.795,76 €".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(892).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL POR SERVIZOS DE GRAN GALA CON MOTIVO DO NOMEAMENTO DO NOVO ALCALDE O DÍA 13/06/2015. EXPTE. NÚM.: 26766/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21.07.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación, do 14.07.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

A Policia Local remite a esta oficina de Recursos Humanos con data 18 de xuño de 2015, oficio relacionando os funcionarios que con motivo do Nomeamento do novo Alcalde, prestaron servizos de Gran gala.

A instrución cuarta, apartado e), sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos vixente, establece que aboabase con cargo a gratificacións, o persoal do Corpo da Policía Local que realice servizos de garda ou escolta de honor nas cerimonia ou actos protocolarios nos que participe a Corporación como tal, co seguinte importe:

Actos de máis de 4 horas de duración: 118,58 €.

Actos de menos de 4 horas de duración: 63,23 €.

Se se prestase o servizo durante a xornada normal, de dito importe deducirase o valor das horas normais correspondentes.

No oficio remitido sinalase que os funcionarios relacionados realizaron os servizos fora da súa xornada habitual de traballo, polo que non corresponde o aboamento de cantidade algunha por outros conceptos nin o disfrute de permiso compensatorio do devandito servizo extraordinario.

Os funcionarios relacionados que realizaron os servizos de Gran gala o pasado 13 de xuño de 2015, fora da súa xornada de traballo, cunha duración de 5 horas, segundo Informe do Servizo da Policía Local de data 18/06/2015, son:

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
23053	Casal Piñeiro, Julio	118'58 €
79115	Fernández González, David	118'58 €
81923	Varela Vila, Javier	118'58 €
21025	González García, Katia María	118'58 €
	TOTAL.....	474'32 €

As retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebido como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo (artigo 24.d).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado no art 24 f) da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla as gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo sen que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, nin orixinar dereitos individuais en períodos sucesivos.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as "INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLI-

CACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Ley 27/2013, de 27 de diciembre e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propón-se á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO:

“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo do Nomeamento do novo Alcalde, aboarase ao persoal da Policía Local que figura na relación que se achega, remitida polo xefe da Policía Local, de data 18 de xuño de 2015 e que de seguido se relacionan, por un total de 474'32 € (catrocentos setenta e catro euros con trinta e dous céntimos), con cargo á partida presupostaria 920.0.151.00.00-Gratificacións”.

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
23053	Casal Piñeiro, Julio	118'58 €
79115	Fernández González, David	118'58 €
81923	Varela Vila, Javier	118'58 €
21025	González García, Katia María	118'58 €
	TOTAL.....	474'32 €

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(893).- COMPLEMENTO PRODUCTIVIDADE DOS CONDUTORES ADSCRITOS AO GABINETE DA ALCALDÍA CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE 2015. EXPTE. 26802/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.07.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación, do 13.07.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes.-

Dentro do persoal dependente da Alcaldía, figuran dous postos de condutor da Alcaldía, ós que se lle esixe permanentemente un rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo máis aló do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas.

Neste caso e fronte ó restante persoal das súas respectivas categorías, concorren as circunstancias contempladas no art. 5 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril, para percibir un complemento de produtividade, xa que non contan cun horario fixo, senón que teñen que estar a dispo-

sición da Alcaldía ou dos membros do Goberno municipal no momento no que sexan requiridos para isto, incluso xornadas en sábado, domingo ou festivo, nocturna, etc.

O Xefe de Relacións Públicas e Protocolo, a través de escrito de data 06 de xuño de 2015, solicita se lles aboe un complemento de produtividade, de conformidade co disposto na base i) da Instrución 3ª sobre o cadro de persoal e Relación de postos de traballo, con contía a determinar pola Xunta de Goberno Local en función das horas traballadas.

O concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 09/06/15, autorizou o referido o abono dun complemento de produtividade polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento do seu posto de traballo durante o 2º trimestre-2015.

Fundamentos de dereito:

De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuílo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Na actualidade, a facultade de asignación individual deste complemento retributivo corresponde a Xunta de Goberno Local.

A este respecto, as vixentes instrucións sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de setembro de 2010, publicadas no BOP de data 16 de novembro seguinte, en concreto a citada instrución 3ª i), establece que "con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento e dedicación e a actividade extraordinaria pola plena dispoñibilidade que se lle esixe ó persoal que presta servizos como Conductor da Alcaldía e Policías-seguridade da Tenencia da Alcaldía, en función das horas traballadas a establecer pola Xunta de Goberno Local e co devengo semestral, condicionado, en todo caso, ó informe previo do servizo da Alcaldía e da Tenencia da Alcaldía, acreditativo da especial dedicación".

O abono efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose, polo tanto, as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións. Non obstante, consideraránse como traballados os períodos de baixas por accidente de traballo e enfermidade profesional e, os correspondentes a permisos e licencias contidos no acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A asignación destes complementos retributivos requirirá consignación previa do gasto por parte da Intervención Xeral, así como a ulterior publicación do acordo no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello para coñecemento dos demais traballadores.

En consecuencia, e acreditado o número de horas de prestación de servizos, considérase oportuno recompensar este meritorio rendemento e dedicación permanente, a través dun complemento de produtividade que en certa medida compense o esforzo e dedicación que se lle ven esixindo ós traballadores afectados.

Como promedio obxectivo para a súa asignación, considerase ponderado o abono de 4,58€ hora normal e de 7,17€ hora festiva, cantidades que se aboarán en función das horas en exceso realizadas, resultando as seguintes cantidades:

- D. Manuel A. Vázquez Martínez, núm. persoal 18253, condutor da Alcaldía, por un importe total de 1.781,26 €.*
- D. Camilo Fontán Balbuena, núm. persoal 22326, condutor da Alcaldía, por un importe total de 2.095,80 €.*

O importe deste expediente ascende a un total de 3.877,06 €, e imputaríase con cargo a partida 920.0.150.00.00 -produtividade-, prevista no vixente orzamento prorrogado, dentro do Capítulo I de Gastos.

Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor puidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, toda vez que a simple concorrencia dos criterios de asignación aprobados pola Xunta de Goberno Local non poden implicar un devengo automático da produtividade, xa que estes tan só constitúen os supostos fácticos previos e necesarios para poder aprecia-lo rendemento dos funcionarios propostos.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, o técnico de organización e planificación que subscribe, coa conformidade da xefa do servizo de Recursos Humanos, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servizos como condutores adscritos a Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, durante ó 2º trimestre do presente ano 2015, de conformidade coa proposta do Xefe de Relacións Públicas e Protocolo, de data 27de abril de 2015:

- D. Manuel A. Vázquez Martínez, núm. persoal 18253, condutor da Alcaldía, por un importe total de 1.781,26 €.*
- D. Camilo Fontán Balbuena, núm. Persoal 22326, condutor da Alcaldía, por un importe total de 2.095,80 €.*

O importe total deste expediente, que ascende a un total de 3.877,06 €, imputarase con cargo a partida 920.0.150.00.00 -produtividade-, prevista no vixente orzamento prorrogado, dentro do Capítulo I de Gastos.

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(894).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE A XUÑO 2015. EXPTE. 26814/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.07.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación, do 13.07.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

Recíbesen escritos do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data 02/07/2015, co visto e praxe da concelleira-delegada da Área, relacionando o persoal adscrito ao servizo de cemiterios que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por prestar servizos en réxime de xornada partida, correspondente ao mes de Xuño de 2015, na que se indica Nº de Persoal, nome, cemiterio municipal e data pola que cada empregado ten dereito ao aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.

O persoal do servizo de cemiterios relacionado no escrito da xefa de negociado do Servizo realiza a súa actividade laboral en réxime de xornada partida, dada a necesidade de contar coa presenza do persoal municipal no horario de apertura dos cemiterios municipais (horario de mañá de 9.00h a 13.00h e tarde de 15.15 a 18.30 h).

Así mesmo, no informe de data 01/07/2015 sinalan os días nos que o persoal relacionado disfrutou de vacacións, permisos, baixas por I.T., datas comprobadas por este servizo de Recursos Humanos, e que polo tanto non lle corresponde o aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade

e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado d), que: con cargo ao complemento de produtividade “a dedicación extraordinaria de traballos en réxime de xornada partida, por un importe de 3'64 € día, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as “INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, acordase a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE

DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais aprobadas polo Pleno na sesión celebrada o 13 de xuño de 2014, e actualmente vixentes .

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Considerando a motivación exposta, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

Primerio.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade ao persoal do servizo de Cemiterios por xornada partida, pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño das súas funcións ao persoal relacionado nos listados anexos, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura dos servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado d) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- “Productividade”, por importe de 1.070,16 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Anexo

CONCELLO DE VIGO	CEMITERIOS	255	MES DE XUÑO	ANO 2015
------------------	------------	-----	-------------	----------

Nº de persoa	Apelidos e nome	Importe día	Días traballados	Total euros
78372	Alvarez Lago, Jesús	3,64	14	50,96
13600	Cabaleiro González, José	3,64	22	80,08
77225	Cid González, Alberto	3,64	20	72,80
82216	Comis González, Esteban	3,64	20	72,80
77691	Conde Lorenzo, Héctor	3,64	14	50,96
78122	Costas Riveiro, Rafael	3,64	18	65,52
79828	Cousiño Sendín, M ^a Concepción	3,64	22	80,08
82747	Curras Villar, Manuel	3,64	22	80,08
78924	González Seijo, Antonio	3,64	20	72,80
23509	Márquez Losada, Manuel Enrique	3,64	22	80,08
76563	Pereira Fona, Juan José	3,64	19	69,16
76430	Rodríguez López, Adolfo	3,64	22	80,08
82215	Rodríguez Torres, Javier	3,64	17	61,88
77224	Vila Abalde, Eliseo Silverio	3,64	20	72,80
77690	Vilanova Acuña, Delmiro	3,64	22	80,08
		Importe total	294 días	1.070,16 €

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(895).- COMPLEMENTO PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DE VÍAS E OBRAS POR SERVIZOS PRESTADOS NAS BRIGADAS DE PAVIMENTACIÓN CORRESPONDENTE AOS MESES DE MAIO E XUÑO 2015. EXPTE. 26815/220 E 26824/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.07.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación, do 13.07.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

Recíbese no servizo de Recursos Humanos, asinado polo Xefe do servizo de Vías e Obras e o visto e prace do concelleiro-delegado da Área, relación de persoal do servizo de Vías e obras, adscrito as brigadas de pavimentación que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por toxicidade correspondente aos meses de Maio e Xuño-2015. Ditas relacións inclúen nome, nº de persoal e data nas que os empregados municipais relacionados realizaron as súas funcións en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de

Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado e), que “aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día). Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquera outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto”.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16/05/2014, rectificado na sesión de 6/06/2014 acordou a autorización de aboamento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de vías e obras e parque móbil. (expte. 23537/220 3 23593/220), no que se recoñece a especial penosidade dos postos de traballo adscritos ao servizo de Vías e obras e Parque Móbil, con funcións de execución de firmes e pavimento e se autoriza o aboamento , en concepto de toxicidade. Dito complemento de produtividade por toxicidade baséase nos informes do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, sobre a especial penosidade e perigosidade do posto de Oficial pavimentador, de data 27 de xullo 2012 no que se informa das circunstancias en canto a contaminantes químicos, contaminantes físicos, contaminantes biolóxicos, e estrés térmico nas que dito posto desenvolve as súas funcións, concluindo que a adopción das medidas preventivas sinaladas no informe destinadas a controlar os posibles riscos supoñen un nivel de risco aceptable. Posteriormente, en data 11 de xullo de 2013, o servizo de prevención de riscos laborais informa sobre a especial penosidade dos postos de traballo adscritos aos servizos de vías e obras e parque móbil que realizan traballos de bacheo e pavimentado, e que inclúe non so aos postos de oficial pavimentador senon que debe entenderse extensiva a tódolos postos: oficial pavimentador, axudantes de oficios, peóns e oficiais condutores. Así mesmo, no informe da Intervención Xeral de data 07/05/2014 citase o art 34 do Convenio Colectivo Provincial de Construción e Obras Pública no que se recoñece a especial penosidade, toxicidade e peligrosidade dos traballos dos embreadores, asfaltadores e alquitranadores.

En canto a posibilidade contemplada no informe da Intervención Xeral citado anteriormente, de considerar estas percepcións como fixas dentro dos complementos retributivos permanentes destes postos de traballo, considerase mais axeitado nestes intres consideralos como incentivos de carácter variable, aboándose única e exclusivamente ao persoal que esta en contacto cos produtos que se consideren contaminantes químicos, físicos ou biolóxicos, e única e exclusivamente nas xornadas de traballo nos que se dé esta circunstancia, xa que o aboamento da produtividade efectuaranse en función dos días realmente traballados realizando funcións de execución de firmes e pavimento, en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos. Exclúense polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

Esta retribución, de carácter variable con cargo a aplicación orzamentaria 920.01500000, ten o seu orixe no recoñecemento pola Xunta de Goberno Local, no acordo de data 16/05/2014 xa que o aboamento da produtividade efectuarase en función dos días realmente traballados realizando funcións de execución de firmes e pavimento, en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos. Exclúense polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

No presente expediente relaciónase o persoal do servizo de Vías e Obras que forma parte das brigadas de pavimentación e que realiza funcións relacionadas coa execución de firmes e

pavimentos.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as “INSTRUCIÓN EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCIÓN EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓN. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais .

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade a brigada de pavimentación de Vías e Obras e que se relaciona no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos polas xefaturas dos servizos obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado e) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.150.00.00- “Productividade”, por importe de 982,08 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1

mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

ANEXO

Nº Persoal	Apelidos e nome	Maio-2015	Xuño-2015	Importes
17390	Alonso Cue, Miguel Angel	94,86	117,18	212,04 €
81662	Barros González, Delio	89,28	106,02	195,30 €
17360	Bastos Román, Jesús	83,70	106,02	189,72 €
76566	López Rivera, Juan Ramón	94,86	100,44	195'30 €
17408	Rodríguez Rocha, Rodrigo	78,12	111,60	189,72 €
TOTAIS		440,82	541,26	982,06 €

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(896).- COMPLEMENTO PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AOS MESES DE MAIO E XUÑO 2015. EXPTE. 26835/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.07.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación, do 15.07.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

A directora do Laboratorio Municipal co visto e praxe da Concelleira-Delegada do servizo remite relacións do persoal do servizo de Desinfección que ten dereito a percibir o complemento de produtividade correspondente ao mes de Maio e Xuño de 2015, por as tarefas que a diario desenvolve o persoal de dito servizo de control de pragas que van orientadas ao control curativo-preventivo de calquera praga (insectos, roedores, fungos, bacterias, etc.) que eclosione dentro do término municipal.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma

(Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que este está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado e), que "aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó Servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día). Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquera outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto".

No presente expediente relaciónase o persoal da Unidade de Desinfección que manipula

productos tóxicos e perigosos correspondente ao mes de Maio e Xuño de 2015.

O servizo de prevención de Riscos laborais, en data 24/06/2014 informa a este servizo que o traballo desenvolvido polo persoal adscrito a Unidade de Desinfección do Concello de Vigo conleva unha importante esixencia física, que ten como riscos principais a manipulación manual de cargas, a adopción de posturas forzadas e o risco de exposición a produtos perigosos para o ser humano, co risco engadido que supón o traballo en horario nocturno que realizan todos os venres do ano e os meses da campaña de desratización.

O aboamento das productividades efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente. Nembargantes, consideraránse como traballados os períodos correspondentes a permisos e licencias contidos no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ao servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as “INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais aprobadas polo Pleno na sesión celebrada o 13 de xuño de 2014, e actualmente vixentes .

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Produtividade”, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade ao persoal relacionado no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado e) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- “Produtividade”, por importe de 931,02 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral Municipal, para a súa inclusión na vindeira nómina”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

ANEXO

Nº Persoal		Maio-2015	Xuño-2015	Importe
16350	Seijas Álvarez, José Ramón	110,00	116,65	226,65 €
09722	Pardellas Avion, A Avelino	122,21	116,65	238,86 €
22790	Sousa Atrio, Jose Manuel	122,21	116,65	238,86 €
81369	Seijas Fernández; Alberto	110,00	116,65	226,65 €
IMPORTE TOTAL		464,42	466,60	931,02 €

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(897).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL POR SERVICIOS DE GRAN GALA CON MOTIVO DO NOMEAMENTO DO ACTO “VIGUESES DISTINGUIDOS” O DÍA 06/07/2015. EXPTE. 26847/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.07.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación, do 14.07.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

A Policía Local remite a esta oficina de Recursos Humanos con data 8 de xullo de 2015, oficio relacionando os funcionarios que con motivo do acto de "Vigueses Distinguidos", prestaron servizos de Gran gala.

A instrución cuarta, apartado e), sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos vixente, establece que aboárase con cargo a gratificacións, o persoal do Corpo da Policía Local que realice servizos de garda ou escolta de honor nas cerimoniais ou actos protocolarios nos que participe a Corporación como tal, co seguinte importe:

Actos de máis de 4 horas de duración: 118,58 €.
Actos de menos de 4 horas de duración: 63,23 €.

Se se prestase o servizo durante a xornada normal, de dito importe deducirase o valor das horas normais correspondentes.

No oficio remitido sinalase que os funcionarios relacionados realizaron os servizos fora da súa xornada habitual de traballo, polo que non corresponde o aboamento de cantidade algunha por outros conceptos nin o disfrute de permiso compensatorio do devandito servizo extraordinario.

Os funcionarios relacionados que realizaron os servizos de Gran gala o pasado 6 de xullo de 2015, fora da súa xornada de traballo, cunha duración de 5 horas, segundo Informe do Servizo da Policía Local de data 8/07/2015, son:

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
16969	Fernández Sotelo, Juan Ramón	118'58 €
22250	Conde Vázquez, Manuel	118'58 €
79115	Fernández González, David	118'58 €
79117	Rodríguez Villar, Oscar	118'58 €
	TOTAL.....	474'32 €

As retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo (artigo 24.d).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente de-

rogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado no art 24 f) da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla as gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo sen que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, nin orixinar dereitos individuais en períodos sucesivos.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as "INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO:

"Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo do acto "Vigueses Distinguidos", aboarase ao persoal da Policía Local que figura na relación que se achega, remitida polo xefe da Policía Local, de data 18 de xuño de 2015 e que de seguido se relacionan, por un total de 474'32 € (catrocentos setenta e catro euros con trinta e dous céntimos), con cargo á partida presupostaria 920.0.151.00.00-Gratificacións".

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
16969	Fernández Sotelo, Juan Ramón	118'58 €
22250	Conde Vázquez, Manuel	118'58 €
79115	Fernández González, David	118'58 €
79117	Rodríguez Villar, Oscar	118'58 €
	TOTAL.....	474'32 €

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(898).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR CONDUCIR MAQUINARIA PESADA DO PERSOAL DO PARQUE MOBIL CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE 2015. EXPTE. 26849/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.07.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación, do 15.07.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

Con data 07/07/2015, recíbese no servizo de Recursos Humanos, asinado polo xefe de Área de Servizos Xerais e polo enxeñeiro técnico Industrial, co conforme do Xefe da Área de Fomento e o visto e prace do concelleiro-delegado da Área, relacións de persoal do servizo do Parque Móbil que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por manexar maquinaria pesada, correspondente ao 2º trimestre de 2015.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicada no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que este está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira , apartado f) sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, actualmente vixente, establece que aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a actividade extraordinaria dos oficiais condutores que utilicen palas sen habitualidade, por un importe de 0.74 por cada hora de conducción. Para ter dereito á percepción deste complemento será preceptivo o desempeño destas funcións por tempo superior ó 50% de cada respectiva xornada diaria.

Da análise da documentación comprobouse a existencia dunha relación do persoal do servizo con indicación dos días traballados, total de horas e importes segundo o estipulado na instrución precitada así como relación da maquinaria pesada, co seu correspondente número de flota utilizada por cada un dos empregados relacionados nos días citados. Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva utilización de maquinaria pesada polos efectivos municipais asignados á unidade , con indicación expresa das datas na que foi realizada a actividade laboral.

Infórmase así mesmo en escrito do Xefe do Parque Mobil de data 7 de xullo de 2015 os traballos desenvolvidos pola maquinaria pesada de flota no segundo trimestre do ano 2015.

Esta retribución, de carácter variable con cargo a aplicación orzamentaria 920.01500000, efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as “INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

*Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓN. EXPTE. **25571/220**, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais .*

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e

Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Produtividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por utilización de maquinaria pesada, fundamentadas no informe emitido pola xefatura do servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado f) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, polas cantidades que figuran nas relacións adxuntas: relación do mes de abril 2015, que comeza por Alonso González, Ángel e remata por Troncoso Martínez, Avelino, por importe de 1.075,96 €, relación do mes de maio 2015, que comeza por Alonso González, Ángel e remata por Troncoso Martínez, Avelino, por importe de 1.192,14 € e relación do mes de xuño 2015, que comeza por Alonso González, Ángel e remata por Villaverde Villaverde, J. Manuel, por importe de 1.100,38 €, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.150.00.00- “Produtividade”, por importe total de 1.100,38 €, o importe de ditas relacións ascende a un total de 3.368,48 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(899).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE AO PERSOAL DE POLICÍA-SEGURIDADE DA ALCALDÍA CORRESPONDENTE AO 1º SEMESTRE 2015. EXPTE. 26865/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23.07.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación, do

20.07.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

En data 06/07/2015 recíbense no Servizo de RR.HH solicitude do Xefe de protocolo e Relacións Públicas (Docs 150088554 e 150088555), no que se indica que os funcionarios don Camilo Fontan Balbuena (N.P. 22326) e don Manuel Antonio Vázquez Martínez (nº persoal 18253), membros do Corpo da Policía Local coa categoría de policía, están a desenvolver satisfactoriamente as labours de apoio persoal no desenvolvemento das funcións de carácter público, incluída a realización de funcións de acompañamento no vehículo oficial que ten asignado a Alcaldía-Presidencia prestando as súas funcións como condutores dos vehículos da Alcaldía dende o día 7 de novembro de 2014 no primeiro caso e dende o 01/02/2009 , polo que se solicita a equiparación das súas retribucións as dos oficiais condutores de Alcaldía, polo período comprendido entre o 01/01/2015 ao 30/06/2015.

En data 15/07/2015 o concelleiro-delegado de Xestión Municipal ordea que por parte do servizo de Recursos Humanos se proceda a instrución dun expediente de asignación de complemento de produtividade destinado aos funcionarios anteriormente citados, polo importe correspondente as diferencias retributivas existentes en canto as retribucións complementarias (complemento de destino e específico) entre os postos de policía local e oficial condutor da Alcaldía, entre o período correspondente entre o 01/01/2015 ao 30/06/2015.

Ao Servizo de Alcaldía atópase adscrito un posto de “Oficial Conductor de Alcaldía”, actualmente vacante por xubilación do seu titular, polo que as funcións de asistencia persoal, apoio e acompañamento no vehículo oficial estan a ser realizadas, con carácter exclusivo e baixo as ordes directas da Alcaldía-Presidencia, polos funcionario do Servizo da Policía Local don Camilo Fontán Balbuena (N.P. 22326) e don Manuel Antonio Vázquez Martínez (nº persoal 18253), tal e como figura no informe do Xefe de Protocolo e RR.PP de data 03/07/2015.

Os devanditos funcionarios atópanse adscritos aos seus postos de traballo, percibindo as retribucións inherentes ao mesmo de conformidade coa lexislación vixente en materia de Función Pública, sen prexuízo daqueles complementos retributivos cuxo outorgamento poda acordar a Xunta de Goberno Local en atención ao especial rendemento, interese ou dedicación no desenvolvemento das funcións encomendadas, consonte ás vixentes Instrucións de Plantilla.

Os postos 134-Policía local e 162-Oficial Conductor Alcaldía están retribuídos no ano 2014 do seguinte xeito:

Posto	C. Destino	C Especifico
Policía	439,70 €	746,78 €
Oficial conductor alcaldía	349,93 €	996,81 €

En consecuencia, a diferenza entre ámbolos dous postos supón un total mensual de 160,26 € ao mes.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento legislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudirse ao preceptuado no o art. 26 da Lei 36/2014, do 26 de

decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2015, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuílo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devengen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Tendo en conta que don Camilo Fontan Balbuena (N.P. 22326), coa categoría profesional de policía local, desenvolveu funcións de oficial condutor da alcaldía habendo disfrutado de vacacións nos períodos 30/03 ao 1/04/2015 (4 días) , do 15 ao 19/06/2015 (5 días) e asuntos propios do 7 ao 11/05/2015 (3 días), corresponderíalle percibir a cantidade de 902,79 € (diferencia entre o posto de policía e oficial condutor da alcaldía nos días efectivamente traballados).

No mesmo senso, no caso de don Manuel Antonio Vázquez Martínez (nº persoal 18253), habendo disfrutado de vacacións nos períodos do 01/01/2015 e 30/06/2015, disfrutando dun día de asuntos propios (28/03/2015) e 8 de vacacións, a cantidade ascendería a 913,48 €.

Polo anteriormente exposto, e segundo Instrución de servizo do Concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 15/07/2015 e vistos os feitos precedentes, pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor puidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, polo que, no caso de que a Xunta de Goberno así o estime, correspondería aboar, polo período comprendido entre o 01/01/2015 ao 30/06/2015 , a cantidade total de segundo distribución anterior .

As referidas cantidades serán aboadas con cargo a partida orzamentaria 920.0.150.00.00 do vixente orzamento.

Á vista de todo o exposto, vistas as circunstancias anteditas e, as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria con cargo a partida 920.0.150.00.00-“Productividade”, que pola Intervención Xeral se emita, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, pola técnica que subscribe, coa conformidade da Xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Aboar a don Camilo Fontan Balbuena (DNI 36084745E e N.P. 22326), , un complemento de produtividade polo importe correspondente as diferenzas retributivas existentes en canto as retribucións complementarias (complemento de destino e específico) entre os postos de policía local e oficial condutor da Alcaldía, polo período comprendido entre o 01/01/2015-30/06/2015, por un total de 902,79 € €, con cargo a partida orzamentaria 920.0.150.00.00 (produtividade).

Segundo.- Aboar a don Manuel Antonio Vázquez Martínez (nº persoal 18253), un complemento de produtividade polo importe correspondente as diferenzas retributivas existentes en canto as retribucións complementarias (complemento de destino e específico) entre os postos de policía local e oficial condutor da Alcaldía, polo período comprendido entre o 01/01/2015-30/06/2015, por un total de 913,48 €€, con cargo a partida orzamentaria 920.0.150.00.00 (produtividade).

Dese traslado do presente acordo ao interesado, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(900).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO 2015. EXPTE. 26878/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21.07.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación, do 23.07.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

Con data 01/07/2015, a xefa do negociado de Cemiterios co visto e prace da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Xuventude, remite relación do persoal que deberá percibir gratificación por servizos especiais e extraordinarios por exceso de xornada anual correspondente ao mes de Xuño 2015, así como as datas de realización de dito exceso.

A instrucción cuarta, apartado f) actualmente en vigor, sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, establece os servizos extraordinarios a realizar polo persoal auxiliar que presta os seus servizos na oficina administrativa de cemiterios, resultante do exceso estrutural sobre a xornada anual, realizada fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuíranse con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 6.079'70 €, cantidade modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2013, tendo en conta o exceso real de xornada anual realizada por dito persoal que supera as 471 horas.

Dito acordo basease na actualización do Acordo Plenario de data 14/1/2003 no que se acorda a inclusión na Instrucción 4º de Plantilla da “actividade extraordinaria e especial dedicación do

persoal administrativo que presta servicios na oficina administrativa de Cemiterios resultante do exceso estrutural de 236 horas anuais realizadas, fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuirase con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 3.450 euros. Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada”.

Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada.

O persoal relacionado no expediente atópase adscrito, como non podería ser doutro xeito, ao negociado de cemiterios.

Compróbase por parte deste Servizo de Recursos Humanos que o persoal referenciado non tivo baixas por I.T. no período obxecto de aboamento.

A xustificación do aboamento, en concepto de gratificacións, ten orixe no exceso de xornada anual realizado polo persoal administrativo do Servizo de Cemiterios pola atención que prestan tódolos sábados, domingos e festivos do ano na atención do Xulgado de Guardia, na expedición das autorizacións xudiciais de inhumacións, etc

No escrito do negociado de cemiterios de data 02/07/2015 figura relación das datas e horario de realización do exceso de xornada en sábados, domingos e festivos do mes de Xuño de 2015, na que figura Nº de Persoal, nome, data e horario de realización do exceso de xornada.

As retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo (artigo 24.d).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado no art 24 f) da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla as gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo sin que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, nin orixinar dereitos individuais en períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 6 -en canto aos servizos extraordinarios- que éste está destinado a retribuir os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as “INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓN CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O

ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1510000-“Gratificacions”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo ao persoal administrativo do Servizo de Cemiterios que figura no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia da retribución complementaria en concepto de gratificacións, correspondente ao mes de **Xuño** de 2015, segundo o recollido na Instrucción Cuarta apartado f) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0151.00.00- “Gratificacions”, por importe total de 1.105,40 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Anexo

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
13570	Hermida Rodríguez, Jose Luis	552,70.- euros
13758	Rosende Ríos, Gumersindo Manuel	552,70.- euros
	IMPORTE TOTAL.....	1.105.40.- euros

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(901).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL E PERSOAL:

A) EXECUCIÓN DE SENTENZA Nº 71/2015, DO XDO. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO, NO P.A. 406/2014, INTERPOSTO POR D. JOSÉ RODRÍGUEZ LÓPEZ (INCENTIVO Á XUBILACIÓN ANTICIPADA). EXPTE. NÚM.: 26820/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa de negociado de persoal-Seguridade Social, do 13.07.15, conformdo pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Pola Asesoría Xurídica Municipal comunícase a este Servizo de Recursos Humanos sentenza nº 71/2015, de 6 de marzo de 2015, dictada no procedemento abreviado 406/2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 dos de Vigo, interposto por D. José Rodríguez López, en relación co abono do incentivo á xubilación anticipada.

2.- Na indicada sentenza fallase literalmente:

“Que debo estimar y estimo el recurso contencioso-administrativo presentado por D. José Rodríguez López en reclamación del abono al actor de un incentivo de acción social por jubilación anticipada, y declaro el derecho del actor a percibir el incentivo por jubilación anticipada en la cuantía de 4.808,10 euros, condenando al Concello de Vigo a su abono.”

3.- Con data 18/03/2015 comunícase a este Servizo oficio remitido pola Asesoría Xurídica á Alcaldía dando conta da firmeza de dita sentenza e que corresponde a este Servizo de Recursos Humanos executar en tempo e forma o resolto, polo que procédese á emisión de informe-proposta de resolución ao obxecto de proceder a súa execución.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. O artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, establece que as resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento na forma e nos termos que nestas se consignen; no mesmo senso se manifesta o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, cando afirma que as sentenzas haberán de cumprirse nos seus propios termos.

II.- A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118); en idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios,

as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

III.- Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".

IV. Efectuado RC pola Intervención Xeral con cargo a aplicación orzamentaria 22101610400 por importe de 9.328,12 € e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal ostenta por delegación da Excm. Alcaldía, efectuada en Decreto de data 19/06/2015; así como aquelas que ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local realizada en acordo de mesma data, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

"PRIMEIRO.- Dar cumprimento ao mandato xudicial contido na Sentenza nº 71/2015, de 06 de marzo de 2015, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no r.c-a (p.a) nº 406/2014, interposto por D. José Rodríguez López, DNI 35992992-Q, e en consecuencia ordenar o aboamento dun importe de 4.086,89 € (4.808,10 € principal, menos a retención de IRPF 15% 721,21) con cargo ao RC 46125 da aplicación orzamentaria 22101610400, que deberá ingresarse na conta do interesado nº ES9101826622570210013711.

SEGUNDO.- Pola Tesourería Municipal, deberá comunicarse ao Servizo de Recursos Humanos a data de pagamento efectivo para que pola Asesoría Xurídica Municipal se poda dar conta de dita execución ao Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 2, notificando asemade ao interesado, Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Con data 14.07.15, o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, resolve de conformidade coa precedente proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

B) TRASLADO DA FUNCIONARIA DNA. CARMEN SASTRE VÁZQUEZ AO SERVIZO DE TURISMO. EXPTE. NÚM.: 26877/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión municipal e persoal, do 21.07.15, que di o seguinte:

Por resolución da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 17/07/2015 (expediente administrativo nº 26.867/220) foi autorizada a petición de reingreso ao servizo activo da

funcionaria de carreira do Concello de Vigo D^a CARMEN SASTRE VÁZQUEZ, con nº de persoal 15.941, auxiliar de Administración Xeral, reingresando no Servizo de Educación, ao existir un dereito a reserva do posto de traballo dada a situación administrativa concorrente, procedente de servizos especiais;

Como queira que o Servizo municipal de Turismo se atopa necesitado de persoal auxiliar, e considerando a aptitude da Sra. Sastre Vázquez ao efecto;

Visto o informe favorable da Xefatura do Servizo de Recursos Humanos de data 20/07/2015;

Visto o marco legal do emprego público que con carácter básico establece a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, nos seus artigos 73 e 52 a 54; ao abeiro das competencias que en canto á xefatura do persoal municipal ostento por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas delegadas pola Xunta de Goberno Local en acordo de mesma data, derivadas do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, pola presente **RESOLVO**:

Primeiro.- Reasignar á funcionaria de carreira do Concello de Vigo D^a CARMEN SASTRE VÁZQUEZ, con nº de persoal 15.941, auxiliar de Administración Xeral, actualmente adscrita ao Servizo de Educación, ao Servizo municipal de Turismo (código 015) onde desenvolverá as funcións propias do posto de traballo e inherentes á praza da cal é titular, dispoñendo igualmente a reascripción da praza e do posto de traballo asociado ao Servizo municipal de Turismo (código 015).

Segundo.- De conformidade co disposto nos artigos 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e coa finalidade de adecuación das aplicacións orzamentarias á reascripción de praza e posto efectuada, autorízase a transferencia de crédito do posto de traballo de auxiliar de admón. Xeral do Servizo de Educación (código retributivo 138) ao Servizo de Turismo (código de servizo 015) debendo incorporarse a modificación efectuada ao documento da relación de postos de traballo (RPT).

Terceiro.- Da presente resolución dése traslado ao interesado, Servizo de Educación, Servizo de Turismo, Área de Réxime Interior (Xefatura da Área), Servizo de Recursos Humanos (Negociado de Seguridade Social) e Intervención Xeral Municipal aos efectos que procedan.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

C) TRASLADO DO FUNCIONARIO D. ANTONIO BERNÁRDEZ DE DIOS Á UNIDADE DE APOIO AO CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO. EXPTE. NÚM.: 26876/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión municipal e persoal, do 21.07.15, que di o seguinte:

Por resolución da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 12/06/2015 (expediente administrativo nº 26,734/220) foi autorizada a petición de reingreso ao servizo activo do funcionario de carreira do Concello de Vigo D. ANTONIO BERNÁRDEZ DE DIOS, con nº de persoal 76.510, auxiliar de Administración Xeral, reingresando no servizo de Tesourería Municipal, Negociado de Nóminas, ao existir un dereito a reserva do posto de traballo dada a situación administrativa concorrente;

Como queira que a unidade de apoio ao Consorcio do Casco Vello de Vigo se atopa necesitado de persoal auxiliar, dada a xubilación de un auxiliar de servizos internos que prestaba servizos na mesma; e considerando a aptitude do Sr. Bernárdez de Dios ao efecto;

Visto o informe favorable da Xefatura do Servizo de Recursos Humanos de data 20/07/2015;

*Visto o marco legal do emprego público que con carácter básico establece a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, nos seus artigos 73 e 52 a 54; ao abeiro das competencias que en canto á xefatura do persoal municipal ostento por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas delegadas pola Xunta de Goberno Local en acordo de mesma data, derivadas do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, pola presente **RESOLVO**:*

“Primeiro.- Reasignar ao funcionario de carreira do Concello de Vigo D. ANTONIO BERNÁRDEZ DE DIOS, con nº de persoal 76.510, auxiliar de Administración Xeral, actualmente adscrito á Tesourería Municipal, Negociado de Nóminas, á Unidade de Apoio ao Consorcio do Casco Vello de Vigo (código de servizo 017) onde desenvolverá as funcións propias do posto de traballo e inherentes á praza da cal é titular, dispoñendo igualmente a readscripción da praza e do posto de traballo asociado á Unidade de Apoio ao Consorcio do Casco Vello de Vigo (código de servizo 017) con efectos económicos e administrativos da data da presente resolución.

Segundo.- De conformidade co disposto nos artigos 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e coa finalidade de adecuación das aplicacións orzamentarias á readscripción de praza e posto efectuada, autorízase a transferencia de crédito do posto traballo de auxiliar de admón. Xeral da Tesourería Municipal-negociado de nóminas (código retributivo 138) á Unidade de Apoio ao Consorcio do Casco Vello de Vigo (código de servizo 017) debendo incorporarse a modificación efectuada ao documento da relación de postos de traballo (RPT).

Terceiro.- Da presente resolución dése traslado ao interesado, Tesourería Municipal, Área de Réxime Interior (Xefatura da Área), Servizo de Recursos Humanos (Negociado de Seguridade Social) e Intervención Xeral Municipal, aos efectos que procedan.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Admi-

nistrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

26(902).- OUTORGAMENTO DAS SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO- ANO 2015. EXPTE. 11563/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Visto o informe de fiscalización do 24.07.15, e o informe xurídico do 29.07.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 21.07.15, conformado polo concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes:

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 20 de febreiro de 2015, aprobáronse as bases reguladoras das "Subvencións para o fomento do emprego de entidade sin ánimo de lucro" para a ano 2015.

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 133, do venres 27 de febreiro de 2015, así como nos medios de comunicación escrita e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 10 días, a contar dende o seguinte á súa publicación no BOP (28 de febreiro ao 09 de marzo), da que resultou a presentación das seguintes sesenta e unha (61) solicitudes seguintes:

Nº	NOME ENTIDADE	CIF	Nº	NOME ENTIDADE	CIF
1	A. Provincial empresarios construción Pontevedra (APEC)	G36614071	31	ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS	G36657336
2	A.T.R.A	G36614725	32	Asociación rumano gallega	G27811744
3	A.V.C.D "SAN XURXO"	G36648988	33	ASOCIACIÓN XARUMA	G27746486
4	A.V.V CALVARIO	G36648293	34	AVCU-CSCR DE BEADE	G36632081
5	A.V.V. "A UNION" DE SAN PEDRO DE MATAMA	G36654036	35	AVEMPO	G36816106
6	ACLUXEGA (A. CLUSTER DA XEOTERMIA GALICIA)	G94017829	36	C.C.V.D. VIGOCENTRO	G27762434
7	AETRAVI	G36847861	37	CENTRO SOCIOCULTURAL A.R. VALLADARES	G36617082
8	AGRUP. CENTROS CULTURALS DE VIGO	G36791291	38	CIG- Vigo	G36706297
9	AJEVIGO	G36905040	39	COGAMI	G32115941
10	APAMP, ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL	G36624120	40	DOWN VIGO: ASOC. PARA A SÍNDROME DE DOWN	G36697324
11	ASEM GALICIA	G36925691	41	FAEMGA FEAPS GALICIA	G36620037
12	ASETRANSPO	G36627719	42	FEAFES - FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES DE FAMILIARES Y ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA	G15545353
13	ASIME	G36614774	43	FEDERACION DE AAVV EDUARDO CHAO	G36681758
14	ASOC. DE AYUDA AL ENFERMO MENTAL DOA	G36044295	44	FEDERACION DE AAVV EDUARDO CHAO	G36681758
15	ASOC. DE BULIMIA E ANOREXIA DE PONTEVEDRA	G36835403	45	FEDERACION PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA	G36614907
16	ASOC. VIGUESA DE ALCOHOLIXIA-ASVIDAL	G36627453	46	FUNDACION AMIGOS DE GALICIA	G15859911
17	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS MERCADO TRAVIES	G36712701	47	FUNDACION ASPANAEX	G36605905
18	ASOCIACION AMAINA	G27802818	48	FUNDACIÓN CIP	G15849318
19	ASOCIACION AUTISMO VIGO	G36849883	49	FUNDACION GALEGA DO METAL	G15864663
20	Asociación Barrio Alto do Casco Vello Vigo	G27800861	50	FUNDACIÓN IGUALARTE	G36427524
21	ASOCIACIÓN CARITAS DIOCESANA TUY-VIGO	R36003681	51	Fundación INTEGRA	G36880615
22	Asociación científico tecnolóxica red	G27765189	52	FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR	G24452435
23	Asociación Cultural Blanco Najera	35994228X	53	FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN	G80468416
24	ASOCIACIÓN DE MULLERES "PEDRA VELLA"	G36837433	54	FUNDACIÓN LUIS TILVE	G15169949
25	ASOCIACION DE PERSOAS SORDAS DE VIGO	G36622835	55	FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU	G27722883
26	ASOCIACIÓN FARAXA	G27728658	56	Hermanos misioneros enfermos pobres	R3600319B
27	ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA CULTURAL O FIADEIRO	G36812204	57	INSTALECTRA	G36640845
28	ASOCIACIÓN GALLEGA DE EMPRENDEDORES (AGAEMP)	G27708379	58	MANCOMUNIDADE DE MONTES DE VIGO	V36840726
29	ASOCIACION INCLUE	G27764844	59	S.C. DEPORTIVA ATLANTIDA MATAMA	G36620854
30	ASOCIACION MULLERES EN IGUALDADE DE VIGO	G27712306	60	SOCIEDADE GALEGA PARA A DIFUSIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO (SGDCP)	G27762921
			61	UNION COMARCAL UGT-VIGO	G15383011

As bases da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do emprego establecen unha financiación da mesma por unha contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio presupostario (2015) de 795.000,00 € (setecentos noventa e cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000 "Programa de axudas ao plan de emprego municipal", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo. distribuídos en cinco programas:

1.- Programa I "Entidades veciñais e culturais": 150.000,00 € (cento cincuenta mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada "Programa de axudas ao plan de emprego municipal" do vixente exercicio presupostario.
A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 40.000 €.

2.- Programas II: "Entidades sociais e asistenciais": 200.000,00 € (dous centos mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada "Programa de axudas ao plan de emprego municipal" do vixente exercicio presupostario.
A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 40.000 €.

3.- Programa III: "Organizacións sindicais": 100.000,00 € (cen mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada "Programa de axudas ao plan de emprego municipal" do vixente exercicio presupostario.
A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 40.000 €.

4.- Programa IV: "Entidades empresariais": 200.000,00 € (dous centos mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000,

denominada "Programa de axudas ao plan de emprego municipal" do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 40.000 €.

5.- Programa V: "Comunidades de Montes": 145.000,00 € (cento coarenta e cinco mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada "Programa de axudas ao plan de emprego municipal" do vixente exercicio presupostario.

O concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos, con data 15/05/2015, conforme ao establecido na cláusula décimo segunda, resolveu nomear a Comisión de Valoración que preside de acordo co apartado 4, cos seguintes membros:

